

# CUADRANTE



PREITOS E REVOLTAS NA GALICIA DE VALLE-INCLÁN

APROXIMACIÓN AL CARLISMO EN O SALNÉS,  
DURANTE LA 1ª GUERRA CARLISTA (1834-1840)

EPISTOLARIO ENTRE VALLE-INCLÁN Y TANIS DE LA RIVA

LA TERRIBLE INFANCIA DE VALLE


Nº 5

*Os* Amigos  
*Valle-Inclán.*

Vilanova de Arousa



# CUADRANTE



Revista cultural da  
“Asociación Amigos de Valle-Inclán”

*PREITOS E REVOLTAS NA GALICIA DE VALLE-INCLÁN*

*APROXIMACIÓN AL CARLISMO EN O SALNÉS,  
DURANTE LA 1ª GUERRA CARLISTA (1834-1840)*

*EPISTOLARIO ENTRE VALLE-INCLÁN Y TANIS DE LA RIVA*

*LA TERRIBLE INFANCIA DE VALLE*

Amigos  
Valle-Inclán.

Vilanova de Arousa

## CUADRANTE

CASA DA CULTURA, VILANOVA DE AROUSA.

APARTADO DE CORREOS Nº 66

Xullo 2002

### *Director:*

Gonzalo Allegue

### *Subdirector:*

Francisco X. Charlín Pérez

### *Consello de Redacción:*

Xosé Luis Axeitos

Víctor Viana

Ramón Martínez Paz

Xaquín Núñez Sabarís

Xosé Lois Vila Fariña

Ramón Torrado

### *Xestión e administración:*

Pablo Ventoso Padín

Ángel Varela Señoráns

### *Ilustracións:*

Eugenio de la Iglesia (*Encabezamento de capítulos*)

### *Imprime:*

Gráficas Salnés, S.L.

*Dép. Legal:* PO-4/2000

*I.S.B.N.:* 84-87709-99-0

## SUMARIO:

Francisco Xavier Charlín Pérez

“Preitos e revoltas na Galicia de Valle-Inclán” .....pax. 5

Santiago Padín Riveiro

“Aproximación al carlismo en O Salnés durante la 1ª Guerra Carlista (1834-1840)” .....pax. 37

Victor Viana y Ramón Torrado

“Epistolario entre Valle-Inclán y Tanis de la Riva” .....pax. 50

### TEXTOS RECUPERADOS

E. Correa Calderón

“La terrible infancia de Valle” .....pax. 65

*Cuadrante non manterá correspondencia sobre orixinais recibidos e non solicitados.*

*A responsabilidade das opinións vertidas pertence exclusivamente ós autores o mesmo que o respecto á propiedade intelectual, recaíndo sobre eles calquera acción xudicial no caso de producirse plaxio.*



## PREITOS E REVOLTAS NA GALICIA DE VALLE-INCLÁN

*Francisco Xavier Charlín Pérez*

**V**alle-Inclán utilizou un conflito xurídico como punto de arranque da trama de dúas das obras máis significativas que ambientou en Galicia: *Divinas Palabras* e as tres *Comedias Bárbaras* (*Cara de Plata*, *Águila de Blasón* e *Romance de Lobos*).

A) En *Divinas Palabras*, o reparto da esperpéntica herdanza que deixa *Juana del Reino* —un ser infrahumano, *Laureaniño*, paseado de forma lucrativa por feiras e romarías— provoca unha disputa familiar que a punto está de derivar en preito.

B) Nas *Comedias Bárbaras*, o cisma co que se abre o telón en *Cara de Plata* ante a ameaza de revolta popular que provoca a determinación de *Don Juan Manuel Montenegro* de impedir o paso pola ponte de *Lantañón*, tras obter sentenza favorable no preito que tiña sustanciado contra alcaldes e veciños de *Lantaño*.

Para solucionar o conflito da primeira, fai desfilar polo escenario personaxes como o alcalde pedáneo ou o xuíz, que tanto a literatura oral como a de tipos e costumes galegos convertiran xa en arquetipos con fisonomía e pautas de comportamento propias. Asimesmo, a propia solución do conflito e determinadas manifestacións feitas polos personaxes nos diálogos nos remiten ao longo debate que —sobre todo no último tercio do XIX— se deu na prensa da época arredor do código civil único —implantado en 1889— e o seu choque con algúns usos legais específicos dos territorios forais históricos, así como ao tópico de certas actitudes dos galegos ante a xustiza e as leis.

En *Cara de Plata*, o preito e o intento de revolta dos veciños de *Lantaño* cobran dimensión histórica. Así mediante alusións aos *Irmandiños*, ou mesmo coa caracterización de ambientes e personaxes, establécese un paralelismo simbólico entre a agónica fidalguía decimonónica e os derradeiros señores dos nobiliarios medievais que protagonizaron ese final de época que foi o século XV para Galicia. O propio escenario de *Lantaño*, como logo se verá, serviu de significativo lazo entre ambos dramas históricos.

Parece obvio que para comprender de forma cabal os aspectos anteriormente sinalados hai que acudir ao exame das fontes nas que Valle toma estes temas; neste caso, as claves explicativas débense procurar, sobre todo, na produción periodística e histórica habida en Galicia no último tercio do século XIX.

### VALLE E A CULTURA GALEGA DO XIX

En efecto, na literatura costumista de tipos e escenas promovida polos irmáns *Muruais* co álbum *Los gallegos pintados por sí mismos*, nas distintas tendencias ideo-

lógicas rexionalistas —republicana, liberal ou tradicionalista— e nos seus xornáis ou nas distintas correntes historiográficas representadas por *Vicetto*, *Murguía* ou *López Ferreiro* están tanto os modelos literarios como as ideas políticas ou históricas, que



Andrés Muruais Rodríguez, debuxo de Conde Corbal.

Valle incorporou maxistralmente á súa obra.

Como se sabe, Galicia atravesa nesta altura un período de relativo esplendor cultural coñecido como Rexurdimento (1861-1888)<sup>1</sup>, que coincide coa etapa de formación de Valle-Inclán. As influencias que este recibiu daquel movemento de restauración cultural son coñecidas, polo que só se mencionarán aquí aqueles autores e publicacións necesarias para o estudo dos aspectos antes reseñados. Son estes:

a) A mediados da década dos oitenta entra en contacto en Pontevedra co “cenáculo” dos irmáns Andrés e Xesús

<sup>1</sup> RODRÍGUEZ, FRANCISCO: *Literatura Galega contemporánea. (problemas de método e interpretación)*. Edicións do Cumio. Vilaboa. Pontevedra. 1990.

Muruais<sup>2</sup>, ubicados ambos ideoloxicamente no republicanismo federalista<sup>3</sup> e promotores dentro da sociedade “Galicia Literaria” de Madrid do proxecto de publicación en 1875 dun álbum de artigos costumistas titulado *Los gallegos pintados por sí mismos*<sup>4</sup>. Este tiña como obxectivo inscribir a Galicia –aínda que fose de forma serodia– na corrente de creación de coleccións de cadros de tipos e costumes iniciada por ingleses e franceses no primeiro tercio do século de acordo co pensamento romántico e nacionalista en voga, de estudo do carácter nacional e popular dos pobos. É de notar que puxeron a súa pluma de forma asidua ou esporádica ao servizo desta idea o propio Andrés Muruais, Murguía, Rosalía de Castro, a Pardo Bazán, Curros Enríquez, Lamas Carvajal, Lisardo Barreiro ou Carlos Valle-Inclán, “apaixonado xornalista que vertía a súa prosa no periódico compostelano de tendencia rexionalista *El País Gallego*<sup>5</sup>.

b) Canto á influencia en Valle da historiografía galega decimonónica, é coñecido o interese que este sempre manifestou polo coñecemento da historia de Galicia. Apréciase nas cartas que envía a Murguía dende Veracruz (México) en 1893 para solicitarlle un prólogo para o seu libro *Femeninas*, onde o considera a encarnación do “espírito regional” e

<sup>2</sup> PAZ ANDRADE, Valentín: *La anunciación de Valle-Inclán*. Akal. Madrid. 1981.

<sup>3</sup> MORENO GONZÁLEZ, Xan: *Partidos políticos en la Galicia contemporánea*. En *Historia de Galicia*. Faro de Vigo. Vigo. 1991.

<sup>4</sup> POLÍN, Ricardo: *Homes do país. Os galegos pintados por si mesmos*. Xerais. Vigo 1999.

<sup>5</sup> POLÍN, Ricardo: *Opus cit.*

evoca o “dejo de celtismo”, as “sensaciones meigas que se aspiran en la Historia de usted” ou na postal que dous anos máis tarde lle envía dende Madrid na que tras interesarse polo lugar e data de publicación de “Mi hermana Antonia” lle manifesta que “deseaba coleccionar algunos artículos que tengo sobre cosas y hombres de Galicia”<sup>6</sup>. Mesmo tivo o proxecto –que finalmente non chegou a realizar– de escribir unha *Historia de Galicia* centrada en figuras como Prisciliano, Xelmírez e Feixoo.

Hai que matizar, sen embargo, que dentro da historiografía galega convivían correntes distintas con enfoques ás veces contrapostos: romántica-liberal en Vicetto, e positivista-racionalista en Murguía e López Ferreiro, estes últimos de signo progresista-liberal o primeiro e tradicionalista o segundo. Con todas elas se familiarizou Valle.

—Coñecería esta última na época de estudante de Dereito en Santiago cando entra en contacto, entre outros, con Alfredo Brañas, do que é alumno cando este publica *El Regionalismo*<sup>7</sup> (1889), obra na que se alude a seu pai Ramón del Valle como “poeta de gran colorido” e a seu irmán Carlos e a el como “nuevos soldados, todavía bisoños” do movemento rexionalista. Alfredo Brañas, máximo ideólogo do Rexionalismo tradicionalista, dirixiu entre outros o xornal desta mesma tendencia *El Libredón* onde se publica en 1883<sup>8</sup> o estudo histórico *Galicia en el últi-*



Jesús Muruais Rodríguez, debuxo de Conde Corbal.

*mo tercio del siglo XV* obra do mencionado coengo e historiador Antonio López Ferreiro, tamén impulsor da revista *Galicia Histórica* (1901-1903) e autor da monumental *Historia de la SAM Iglesia de Santiago* (1898-1909).

—Canto á tendencia progresista, é coñecida a grande admiración que Valle profesou sempre pola obra de Murguía, e sobre todo polo seu estilo en prosa. Posiblemente, –como apunta Rubia Barcia<sup>9</sup>– coñece a figura de Vicetto coa lectura de *Los Precursores*<sup>10</sup> de Murguía, o que o impulsa

---

en Santiago en 1883 e posteriormente dúas na Coruña na Biblioteca Gallega de Andrés Martínez en 1896 e 1897 respectivamente.

<sup>9</sup> RUBIA BARCIA, J.: *Valle-Inclán y la Literatura Gallega*. Hispanic Institute in the United States. Columbia University. New York. 1955.

<sup>10</sup> Coñécese co nome de Precursores aos protagonistas da etapa augural que precede ao Rexurdimento coñecida como Período preliminar ou Precursor (1837-1860). Este

<sup>6</sup> “Dos misivas de Valle-Inclán a Murguía”. Juan Naya Pérez. BRAG. A Coruña 1959.

<sup>7</sup> CAAMAÑO BURNACELL, J.: *Por las rutas turísticas de Valle-Inclán*. Madrid. 1971.

<sup>8</sup> Couceiro Freijomil di no seu *Diccionario bio-bibliográfico de escritores gallegos* que houbo unha primeira edición

a ler, ademais de novelas de aquel como *Los hidalgos de Monforte*, a súa *Historia de Galicia*. A *Historia* de Vicetto foi simultánea na publicación coa de Murguía (1865), mais radicalmente distinta en método e enfoque: romántico e a miúdo novelesco en Vicetto, en contrapunto ao positivismo e racionalismo de Murguía, considerado como “o primeiro historiador galego que propón a obxectividade como meta do coñecemento histórico, que define con clarezza a historia como a procura da verdade”<sup>11</sup>.

En todo caso ambos inauguran unha historiografía que presenta un discurso histórico propio cos seus mitos específicos (celtas, suevos, Xelmírez, Irmandiños) convertidos en referentes históricos a partir de mediados do século XIX e introducidos por Valle na súa obra mediante alusións con clara intención simbólica.

## AS LEIS A DEBATE

Pero ademais de fomentar o cultivo literario e a ciencia histórica, as distintas

---

xorde como reacción á centralización burocrático administrativa e política que derivou da instauración do novo Réxime liberal no Estado. Coñecidos como Provincialistas, o seu ideario era un progresismo democrático e radical, estando ao mesmo tempo claramente vinculados ao Romanticismo no eido literario. Os seus fitos veñen marcados pola colaboración na revolta militar galega de carácter progresista de 1846 e polo “banquete de Conxo” de 1856, ao que Valle-Inclán adicou un artigo publicado no xornal *La Unión Republicana* de Pontevedra (en Hormigón J.A.: Valle-Inclán. *Cronología. Escritos Dispersos. Epistolario*. Fundación Banco Exterior. Madrid. 1987) no que se refire a esta época deste xeito: “;Tiempos aquellos en que aún había fe, en que tuvo principio nuestro renacimiento literario! Pasaron ¡ay! llevándose consigo los más y los mejores de los que en él tomaron parte. Atrás quedan la cantora de *Follas Novas*; el patriarca Añón; el quijotesco Aguirre; el regionalista Faraldo; el soñador Vicetto; el romántico Camino; los “precursores”, en fin, como les ha llamado aquel que entre todos sintió mejor la idea regeneradora”.

<sup>11</sup> BARROS CARLOS: *Viva El-Rei*. Xerais. Vigo. 1996.

tendencias existentes no Rexionalismo –republicana-federal, tradicionalista ou a liberal progresista de Murguía– tomaron parte activa desde posicións a veces encontradas, nos debates que se prantexaron sobre cuestións candentes de tipo político ou económico que afectaban á Galicia finisecular decimonónica. Entre estas destacaba o problema da emigración, a redención foral, a crise agraria ou o novo marco xurídico que deviría da promulgación en 1889 do código civil de talante liberal, que supuña a unificación e centralización legislativa no Estado, e en consecuencia a derogación das leis forais privativas dos vellos reinos, así como o remate de determinados privilexios particulares que aínda subsistían procedentes dos vellos códigos do Antigo Réxime.

Como sinalan Jesús de Juana, Luís Domínguez e Julio Prada<sup>12</sup> “para el liberalismo decimonónico, la codificación del derecho formaba parte de un amplio programa cuyo objetivo esencial era la imposición de un orden igualatorio, naturalmente sólo desde el punto de vista jurídico, enfrentado a la noción de privilegio que había presidido las relaciones entre el Estado y los súbditos”, o que implicaba “la atribución del monopolio de la producción de normas jurídicas a una única instancia central” na procura de “un pilar más del edificio en construcción del Estado-nación español”. Isto significaba para os vellos reinos “la eliminación de los derechos históricos” ou en todo caso a súa “depuración y degradación a la simple supletoriedad”.

Fronte a isto, tanto o Rexionalismo liberal de Murguía como o tradicionalista de Alfredo Brañas defendían “el carácter foral de la legislación civil gallega y la

<sup>12</sup> DE JUANA, J. DOMÍNGUEZ, L. PRADA, Julio: “Estrategias de reproducción social y derecho foral”, en *Galicia: una polémica “Fin de Siècle”*, en Biblioteca Nueva. Universidad Complutense de Madrid. 1999.

necesidad de preservar sus instituciones más representativas”<sup>13</sup> se ben dende posicionamentos distintos: os primeiros declarados partidarios “del concepto liberal de propiedad individual, absoluta y plena” e os segundos dende a defensa dos principios ideolóxicos do vello réxime, repugnando o sistema liberal e a penetración inexorable do sistema capitalista.

Como se sabe Valle-Inclán sentiuse atraído por esta última tendencia, o que presupón que como estudante de leis en Santiago no tempo previo á aprobación do Código Civil (1889), en plena Restauración, non permaneceu alleo a estes debates, sobre todo se temos en conta que o mundo da xustiza –ao igual que outros temas como a decadencia da fidalguía ou a desaparición en 1837 de vínculos e morgados– formaron parte sustantiva na elaboración temática da súa obra. Por iso fai dicir a Don Juan Manuel Montenegro en *Los Cruzados de la Causa*:

“¡Hablan de las leyes como de las cosechas! (...) Yo cuando siembro todos los años las espero mejores (...). Las leyes, desde que se escriben, ya son malas. Cada pueblo debía conservar sus

usos y regirse por ellos. Yo cuento 70 años y jamás acudí a ningún alguacil para que hiciese justicia (...). Pero si con ley buena hay sentencia mala, puede haber con ley mala sentencia buena, y así no está la virtud en la ley, sino en el hombre que la aplica. Por eso yo fío tan poco en las leyes, y todavía menos en los jueces, porque siempre he visto su justicia más pequeña que la mía”.

(páx. 110-111)

En efecto, desde que Don Juan Manuel Montenegro toma “a xustiza pola man”<sup>14</sup> –como a desahuciada protagonista campesiña do coñecido poema rosaliano– para reparar as inxustizas que o escribano Malvido (a Xustiza) comete co pobo ata que o tullido de *El Ruedo Ibérico* exclama: “se puede robar un monte y no se puede robar un pan. ¡Esto es la España! (...) Tío Belona, cuando fue alcalde, se quedó con el monte del Peralvillo. ¡Sembrado de olivar lo tiene!”, toda a literatura de Valle está inzada de referencias á xustiza e ás leis, tanto nas situacións conflictivas nas que ambas deben actuar (preitos por herdanzas, por dereito de paso...) como á institución en sí mesma e aos seus representantes (xuíces, escribáns, pedáneos...).

Sempre crítico co ordenamento xurídico de corte liberal vixente, Valle ridiculiza esta xustiza e aos seus representantes humillándoos desde a fachenda nobiliaria da fidalguía que protagoniza as obras do seu primeiro período literario, de trasfondo ideolóxico tradicionalista.

Así no conto “Mi bisabuelo” en *Jardín Umbrío*, un cabezaleiro cego queíxase ante

<sup>13</sup> Defendían a especificidade lexislativa galega argumentando coa existencia de figuras como o “Foro” ou a “Compañía familiar” ou “Compañía Galega”, remontando a existencia desta última ao comunalismo xermánico traído a Galicia polos Suevos.

Por exemplo José Pardo Bazán concluía en *Galicia, Revista Universal de este Reino* 15 de Xullo 1864, nun artigo titulado “Estudios sobre la propiedad en Galicia. Foros: su historia, ventajas e inconvenientes” deste xeito: “Una esperanza queda a los gallegos amantes de su país, que es la de encontrar la corrección de los abusos, y la acomodación al nuestro de la legislación del enfiteusis, en la promulgación de los códigos civil y de procedimientos. ¡Ojalá no sean desvanecidos tan buenos deseos con la aparición de leyes que no estén en consecuencia con nuestras costumbres e intereses, y en lugar de remediar, vengan a hacer mayores los males que por este concepto aquejan al antiguo Reino de Galicia!”.

<sup>14</sup> Hai que notar que en Valle é o brazo nobiliario o que executa a sentenza en coherencia co pensamento político do autor neste momento, mentres que en Rosalía é a propia campesiña a que, dun golpe coa fouciña, “cumpre a xusticia” tamén consonte ao pensar rosaliano.

o fidalgo Manuel Bermúdez: “por un falso testimonio están en la cárcel dos de mis hijos. ¡Quiere acabar con nosotros el escribano Malvido! Anda por las puertas con una obliga escrita y va tomando las firmas para que ninguno vuelva a meter los ganados en las Brañas del Rey (...). Los montes que eran nuestros nos los roban con papeles falsos y testimonios de lenguas pagadas” (onde está de fondo o difícil encaixe da vella propiedade comunal na nova lexislación liberal). Ante esto o fidalgo “de un tiro le dobló en tierra con la cabeza ensangrentada” tras sentenciar “Esta es mi justicia ¡Señor Malvido!”.

O xiro ideolóxico e estético que o conduce ao esperpento non salva aos representantes da curia de ser agora degradados polos seus grotescos comportamentos.

Porén si cambia a perspectiva da crítica ás leis do estado liberal cando en *Baza de Espadas* diga Bakunin que “El Estado es la concepción más odiosa del concepto de humanidad. Su ley suprema es el aumento de poderío, con el fracaso de todos los derechos innatos que dignifican al hombre. La vida nunca podrá ser una cristalización jurídica y la única manera de salvar su última esencia es destruir cuanto tiende a concretarla en una moral arbitraria. Contra el orden impuesto por los intereses de una minoría burguesa, el proletariado debe imponer un excelente y bienhechor desorden. La rebeldía es un estado de gracia”.

## OS GALEGOS E A XUSTIZA

Outro dos temas que preocupaban aos que estaban comprometidos na rexeneración da Galicia decimonónica era o estigma que tiña a sociedade galega –sobre todo a rural– de propensión a interpor preitos ante calquera conflito, mesmo o máis livián.

Isto é o que se deduce ao examinar os temas dos que se preocupaba a prensa da época ou ao facer reconto dos tipos e situacións que aparecen na literatura costumista deste período.

Así Modesto Fernández González preguntase en *La Ilustración Gallega y Asturiana*<sup>15</sup> de Murguía, polos males que aqueixan a Galicia como o minifundio e a emigración pero tamén que “los gallegos en Galicia favorecen sin saber por qué, el trabajo diario de los tribunales, con un empeño digno de mejor causa” e non con feitos criminais senón que “alimentan la jurisdicción civil y el impuesto del timbre con la serie de demandas, reclamaciones y expedientes judiciales que tramitan por su propia voluntad y con el asentimiento o la oposición de otros litigantes. Y esta afición a litigar es tan antigua, que la historia y la crónicas del país lo consignan y atestiguan”, para chegar á conclusión de que “si el afán de pleitear y la resistencia al espíritu de asociación no tuviesen tantos apasionados y admiradores, aquel pueblo, modelo de trabajo, adquiriría el respeto y la estimación debida”.

Tamén nos cadros de tipos e costumes a que antes se aludía se reproduce esta imaxe. Paz Novoa, por exemplo, afirma no cadro “El Pica Pleitos”<sup>16</sup> que asina no xornal ourensán *El Heraldo Gallego* de Lamas Carvajal: “Respecto a lo de la justicia, distingamos. Dicen que los tribunales se esfuerzan en administrarla ¡no quiero dudarlo! Pero abundan las que les proporcionan ocasiones de ser justos. Eso sí: el paisano gallego –salvo honrosísimas excepciones– no tendrá pan para su mesa durante la mitad del año; mas si se trata de

<sup>15</sup> “Los gallegos en Galicia”, *La Ilustración Gallega y Asturiana*, 1880. II.

<sup>16</sup> En POLÍN R. *Opus cit.*



Modesto Fernández González.

mortificar al vecino que, con buena o mala intención, con descuido o a sabiendas alteró en una pulgada la linde común de las heredades o se excedió cinco minutos en el riego de sus prados, él sabrá buscarse dinero para sostener un litigio” e conclúe “muchas veces he meditado sobre las causas de este carácter enredador de mis paisanos, germen de innumerables desdichas, y tengo para mí que a la afición especial de nuestra raza a todos los problemas del derecho privado (porque el gallego es naturalmente jurista, como lo fue el romano, su dominador) deben agregarse la explotación inicua de que fue víctima durante largos siglos y la ignorancia en que sistemáticamente se le ha tenido y tiene”.

Igualmente explícita resulta a pintura que o pontevedrés Rodríguez Seoane fai no artigo “Marcos da Portela” (1891)<sup>17</sup>, no

<sup>17</sup> En POLÍN R. *Opus cit.*

que ao retratar o arquetipo campesiño lamenta que a este “le aniquila el fisco, absorbe sus ahorros el propietario, le dejan por puertas las malas cosechas y concluyen con su vida y su dinero los curiales”.

Tamén a literatura popular galega recolle a opinión que os labregos teñen da xustiza ou dos preitos. Sebastián Risco<sup>18</sup> cita, entre outras, dúas cantigas tomadas da *Antífona da Cantiga* de Cabanillas. A primeira sobre a teimosía preiteante:

“Pranteille preito a un veciño  
polo aquel dun regueiro  
perder, perdín o que tiña  
pero amolar, amoleino”.

A segunda co representante máis tópico da xustiza como protagonista:

“O galo con tantas prumas  
nunca se pudo manter.  
Un escribano con unha  
mantén fillos e muller”.

Sen embargo, tal comportamento non era privativo do campesiño tal como se pode deducir do cadro que o Conde de Pallarés –Manuel Vázquez de Puga y Parga (1828-1908)– expuña sobre a muller de Lugo na colección *Las mujeres españolas, portuguesas y americanas* (1874)<sup>19</sup>: Ao caracterizar á fidalga recorda que “vio la señora solariega gravemente disminuído su patrimonio, más por el pleito de partijas que por la división del mayorazgo. Con la baja de rentas coincidió el empeño”; así cando vai á vila “va a casa de la tecelana a

<sup>18</sup> RISCO, Sebastián: “Notas encol do sentimento da xustiza na literatura galega” en *Aspectos económicos y jurídicos de Galicia*. Colección Grial. Galaxia Vigo.1952.

<sup>19</sup> POLÍN R. A muller tradicional. *Os galegos pintados por si mesmos*. Xerais. Vigo. 1996.



Pazo. Por Ricardo Sobrino.

darle instrucciones sobre el tejido del lienzo, de los manteles, de las mantas de trapos; a la feria mensualmente para presenciar la venta del grano llevado en carros, la de los bueyes, terneros y muletas, a comprar jabón, aceite, sal y demás artículos del gasto diario” e “a la cabeza del partido semanalmente para visitar al procurador, escribano, abogado, juez”. Non extraña pois, que el mesmo apunte que “los pleitos, carcoma del propietario gallego, cuestan un ojo de la cara”.

Valle-Inclán tamén se fixo eco deste estado de opinión. Na serie *Cartas galicianas*, no artigo “De Madrid a Monforte. El último hidalgo de Tor”<sup>20</sup> relátanos como tivo que compartir “rancho y celda que me depararon de man común” cun fidalgo rural

chamado Pedro de Tor. Ao comentarlle a súa posible descendencia do homónimo do nobiliario de Vasco de Aponte, este respóndelle: “—Pero ¿cómo lo has sabido? Ya sé yo que eso lo traen los libros; en uno que había en el pazo (ahora no sé que ha sido de él) decía eso mismo. A mis antepasados les correspondía el condado de Lemus, ¡hubo pleito y todo!”. Valle-Inclán remata o relato con esta elocuente descripción do fidalgo: “A la mañana siguiente le vi cabalgar (...) y dirigirse al pazo, de donde le habían sacado las dos únicas cosas que pueden mover de su madriguera a un hidalgo montañés: una feria y un pleito...”.

En 1918 declaraba en entrevista ao *Heraldo de Madrid*<sup>21</sup> que el rexeitara a avogacía (estudos que non chegou a rematar) xa que “no había nacido yo para picapleitos, ni para registrador, ni para juez, ni para notario... Defender a bandidos sin grandeza y a labriegos embrollones, ser un zorro a la devoción de otros zorros..., ¡no,no!”.

Tamén nunha entrevista concedida ao xornal vigués de tendencia republicana e galeguista *El Pueblo Gallego* en 1925<sup>22</sup>, preguntado polas aptitudes galegas contesta que unha é a do “sentido jurídico, la de la interpretación de las leyes. —Un valenciano —nos dice— dirime sus cuestiones con una escopeta, también violentamente un castellano. Un gallego por medio de la jurisprudencia. No tiene el respecto a la propiedad que la defiende del vasco. Por el contrario, busca en la ley argumento para la depredación eludiendo el delito” e refire máis adiante que “los partidarios gallegos no incendiaban nunca más que los registros de la propiedad. Con semejante tem-

<sup>20</sup> FICHTER, William L. *Publicaciones periódicas de Don Ramón del Valle-Inclán anteriores a 1895*. El Colegio de México. México. 1952. 1ª Ed.

<sup>21</sup> VALLE-INCLÁN Ramón M<sup>o</sup>: *Entrevistas, conferencias y cartas*. (Edición de Joaquín y Javier del Valle-Inclán) Pre-Textos. Valencia 1994.

<sup>22</sup> VALLE-INCLÁN Ramón. *Opus cit.*

peramento no creo que se resolva nunca el problema de los foros”.

Estes últimos foron precisamente unha das causas da copiosa nómina de litixios que acabarían por consolidar o tópic que se está reseñando.

Así o reconece José Pardo Bazán en 1861 na revista *Galicia, Revista universal de este Reino*<sup>23</sup> cando di: “Es bastante general la idea de que los foros son altamente perjudiciales, que contribuyen al empobrecimiento del país, y que son la causa de la mayor parte de nuestros litigios”.

A abolición de vínculos e morgados (1837) e as partillas derivadas desto, os foros e subforos, a Ley de redención de 1873 (na 1ª República), a abolición desta e o seu posterior restablecemento unido á crise agraria finisecular, todo esto nun país con dominio do minifundio, cunha encereclada xeografía cruzada por mil ríos e regatos e estes por pontes e vados gravados con dereitos de paso, peaxes ou serventías e todo finalmente nunha sociedade dependente maioritariamente do campo, foi abondo para dar pé ao tópic literario e periodístico.

Pois ben, Valle-Inclán aproveitou isto como recurso dramático. Deixando a un lado as esporádicas alusións ao tema no conto “Mi bisabuelo”, en *Los Cruzados de la Causa* ou na triloxía de *El Ruedo Ibérico* que antes se reseñaba, hai que salientar –como fixemos ao principio– que Valle convirte en parte sustancial, e a veces determinante de dúas das súas obras, dous “asuntos” de índole xurídica: en *Divinas Palabras* o conflito pola herdanza do carromato e en *Cara de Plata* –arranque da trama das *Comedias Bárbaras*– o preito e posterior ameaza de revolta popular polo paso pola ponte de Lantañón entre o fidalgo

Don Juan Manuel Montenegro (dono do dereito de paso) por un lado, e os chaláns que conducen o gando á feira de Viana del Prior e o Abade de Lantañón por outra.

## DIVINAS PALABRAS:

### A SOLUCIÓN DA LEI VELLA

A crítica sinala habitualmente esta obra como unha alegoría da avaricia (loita polo beneficio que dá o carromato), da luxuria (Mari-Gaila entrégase ao pracer sexual que extramaritalmente representa Séptimo Miau) e a morte que a resultas desto sobrevén ao fillo de Juana la Reina.

Centrándonos no primeiro de ambos “pecados”, xa German Bleiberg<sup>24</sup> sinalou que “si las *Comedias Bárbaras* nos introducen en el mundo turbio de las luchas familiares, con el enmarque histórico de la época, más la secuela del derrumbamiento de una familia noble en Galicia –casi nunca ausente en Valle-Inclán–, Galicia vuelve a surgir en una tragedia tan significativa como *Divinas Palabras*, nesta última –continúa Bleiberg– “Valle-Inclán podría haber pensado en una estampa colectiva, en una rebelión moral que se va formando para culminar en la proyectada lapidación final de la adúltera desnuda (...) Sin embargo hay un plano mucho más sangriento en la tragicomedia. Volvemos a enfrentarnos con un problema de herencia. Se trata de quién ha de heredar al idiota Laureano (es el reverso del problema de los Montenegro)”.

Pero é que ademáis deste “problema”, toda a obra –sobre todo a primeira xornada– está saturada de tensións que ameazan rematar nun preito e de alusións a unha xustiza á que se considera distante e ameazadora.

<sup>23</sup> *Opus cit.*

<sup>24</sup> BLEIBERG, Germán: “Notas sobre Valle-Inclán” en *Revista de Occidente*. Nov. Dic. 1966. nº 44-45. px 378.

Asimesmo Valle fai desfilar pola obra a varios dos representantes da curia que a literatura costumista galega xa convertera en arquetipos.

Na escena segunda da primeira xornada, estando Juana la Reina, nai de Laureano, nun “paraje de árboles sobre la carretera” pedindo esmola, sobrevenlle un ataque mortal do mal que padecía, na presenza de La Tatula. Morre aquela e nese intre aparecen Miguelín el Padronés “uno que anda caminos, al cual por sus lenguas le suele acontecer en ferias y mercados que lo corran y afrenten” e El Compadre Miau, farandul que corre feiras. Aquí prantéxase xa o primeiro momento de tensión. Así ante a maliciosa insinuación de El Compadre Miau “solamente declara media verdad: que en este paraje le entró el dolor, y que con el dolor queda. Esa mujer ya está difunta”, a inocente Tatula responde lamentándose: “¡San Blas! ¡Que me cuesta andar en justicia tener el corazón de manteca!”. De seguido, dentro da mesma escena, a Tatula marcha a dar noticia do acaecido e queda só o carronato do “idiota” con El Compadre Miau e Miguelín el Padronés, quen “con la punta de la lengua sobre el lunar rizado, se escurre ondulando y mete las manos redondas bajo el jergón del dornajo, de donde saca una faltriquera, sonora de dinero”. Isto deriva nun novo punto de conflito, esta vez entre ambos truíns polos cartos da bolsa:

EL COMPADRE MIAU: ¡No lo creía a usted tan avaro, compadre! Usted no quiere que sea negocio de los dos, y tenemos que ventilarlo.

MIGUELÍN: ¿En qué tribunal?

EL COMPADRE MIAU: Compadre, ¿Quiere usted que el pleito lo sentencie Coimbra?

MIGUELÍN: Compadre, no quiero mi pleito en el diablo.

Con todo, o momento climático no que a avaricia ameaza con desencadear un enfrontamento nos tribunais é o do reparto da grotesca herdanza que Juana del Reino deixa a seus irmáns, Pedro Gailo, sacristán e home de Mari-Gaila, e Marica del Reino: o anano hidrocefalo chamado Laureaniño, que aquela arrastraba nun carretón.

Así, despois dun paródico pranto con que honra á súa difunta cuñada, Mari-Gaila exprésalle á Tatula a súa intención de facerse cargo do carretón “aún cuando me quede sin pan que llevar a la boca” posto que “la difunta era hermana de mi hombre, y otra familia más allegada no tiene”. Sen embargo, a Tatula, convencida de que “El carretón si no lo retiras de los caminos, trae provecho”, comenta malpensada: “El pleito será entre vosotros y tu cuñada Marica del Reino”, ao que resposta Mari-Gaila con disimulada sorpresa: “¡Pleito! ¿Por qué ha de haber pleito? Yo hago esta caridad porque tengo conciencia ¿Quién puede disputarle el cargo al hermano varón? Si van a justicias, el varón gana el pleito o no hay ley derecha”.

A continuación, na escena cuarta, aparece Bastián de Candás “alcalde pedáneo” que “pone guardas a la muerta, y da órdenes con una mano en el aire como si fuese a bendecir”.

A figura do Pedáneo, habitual en Galicia dada a dispersión poboacional en pequenos lugares e aldeas e a ausencia nestas entidades de representantes do Estado, aparece como primeira instancia á que acudir ante calquera asunto de tipo xurídico ou administrativo.

Antonio Santiago Somoza<sup>25</sup> ao defender en 1861 a substitución como parte “de nuestra legislación antigua” dos alcaldes

<sup>25</sup> “Jueces de Paz” en *Galicia, Revista Universal de este Reino*. Nº 8 (1861)

pedáneos polos xuíces de paz, coas mesmas funcións ca aqueles pero sen “el tinte de bandería que se nos figuraba ver en su elección o su nombramiento” dado o “carácter político más o menos encubierto con que siempre se les ha creído”, define cales eran as funcións duns e outros: “juicios de conciliación y verbales constituyen las atribuciones de esos funcionarios. El juicio de conciliación, ya se sabe, es el requisito previo, la condición indispensable, sin la cual, salvo muy pocas excepciones, no se puede interponer acción, ni demanda de ningún género. El objeto de esos juicios es procurar la avenencia entre las partes y evitar cuestiones y pleitos enredados que arruinan las familias, turban la paz entre ellas y a veces, traen consecuencias desastrosas” e engade que todo está en que “no sean soberbios, ni banderos” concluíndo que “tienen una misión muy trascendental: su código no está escrito, ni puede escribirse: en la prudencia, en el tino y en el buen deseo” está a pauta dos seus deberes.

Para Lamas Carvajal<sup>26</sup> en cambio, esta figura é moi negativa. Os pedáneos “nunca falan c’o gobernador nin viron de lonxe ô rei, a nome de quen se gaban d’exercer o mandíño; solamentres teñen tratos e baratos c’o alcalde, e máis por eso, os pedáneos, cando s’arma unha de paus no turreiro d’a parroquia, asumindo a representación de total-as autoridás d’a terra, soltan ordes como bellotas un carballo que abancan, e probe d’o que s’estreva a dar unha fala, porqu’estonces fai unha arrautada pasando un parte ô xuzgado pra que se destruyan as promeiras dilixencias por desacato” e en fin “vai ond’o señor abade pra que o impoña n-o que trai o

Boletín” e “aprica os contos ô caso d’a maneira que os entende”.

Sen embargo, Valle-Inclán trata mellor que Lamas ao seu pedáneo aínda que o caracterice ironicamente nos parlamentos cun rexistro pretendidamente solemne interferido de galeguismos: “Vosotros, rapaces, aquí firmes, sin desviaros del pie de la finada difunta. No habéis de consentir por cosa del mundo que muevan el cuerpo antes de comparecer el Ministro de la Ley” di consciente do seu papel intermedio.

Seguindo a trama, co pedáneo presente, entra en escena Pedro Gailo quen previo pranto de Marica del Reino, manifesta o seu desexo de quedar co carretón –“¡Laureano! ¡Por padre tuyo putativo me ofrezco!”– o que desencadena o conflito.

Entre tanto, “Por el camino real vese venir al juez, caballero en un rucio de gayas jalmas y anteojeras con borlones”. Tras desta acotación debedora dos arquetipos fixados na literatura galega de tipos e costumes, sucédense senllos prantos encontrados de Mari-Gaila e Marica despois dos que –xa na escena quinta– se prantexa directamente a cuestión hereditaria:

MARICA DEL REINO: ¡Y todo este hablar salió a cuento del pleito que tratan entre sí de sustentar dos hermanos propios carnales!

MARI-GAILA: No habrá pleito si tú respetas el derecho del que nació varón.

MARICA DEL REINO: Consultaremos con hombres de Ley.

EL PEDÁNEO: ¡Como lleguéis a la puerta del abogado, os enredáis más. Sin salir de la aldea hallaréis barbas honradas sabiendo Ley!

É aquí cando intervén a figura do pedáneo, que será a que solucione o conflito botando man do dereito consuetudinario,

<sup>26</sup> “Como se fan os pedáneos”. *Gallegada*. I. *La Región*. Ourense. 1925.

tal como pretendía Santiago Somoza e como defendía o Rexionalismo tradicionalista de Brañas, tan caro a Valle-Inclán na súa xuventude.

Destá maneira expón o pedáneo: “Si como la finada no deja otro bien que el hijo inocente, dejase un par de vacas, cada cual se llevaría su vaca a la corte. Tal se me alcanza. Y si dejase dos carretones, cada cual el suyo (...) pues si solamente deja uno, también habéis de repartiros la carga que represente (...) son bienes pro indiviso, que dicen en juzgados”.

E ante a incompreensión de Mari-Gaila (“¡Ay Bastián tú sentencias, pero no enseñas cómo se puede repartir el carrétón! Zueco en dos plantas, ¿Dónde irás que lo veas?”) o pedáneo sentencia “pero vi muchos molinos, cada día de la semana, moler para un dueño diferente”, razón á que asente unha mocíña dicindo: “mi padre muele doce horas en el molino de Andrés”<sup>27</sup>. “Un suponer” –continúa o pedáneo– “sois dos llevadores de un molino. De lunes a miércoles saca el uno la maquila, y el otro, de jueves a sábados. Los domingos van alternados”.

En efecto, o pedáneo está acudindo a un uso consuetudinario galego que, catalogado como unha forma de comunidade especial recibe o nome de “Muñños de herdeiros”.

Seguindo a Menéndez-Valdés Golpe<sup>28</sup>, nos seus comentarios ao texto foral galego, atopamos citada esta figura no artigo 93 que di: “Denomínase “muñño de herdeiros” al de propiedad común indivisible

dedicado a la molturación de granos para consumo familiar y alimentación del ganado de los condueños del molino” e engade “el aprovechamiento de la cuota indivisa en la propiedad se hace por “piezas”, o grupos de seis horas, exclusivas de cada heredero, y susceptibles de permuta, enajenación, arriendo, etc.”.

Polo tanto a degradación do personaxe do idiota é completa, obxectalizado, convertido nun ben “pro indiviso”, que se beneficia por horas como un muñño.

Valle-Inclán escribe *Divinas Palabras* cando a súa estética e a súa ética renovadas xa o conduciran ao achádego do esperpento. Por iso aquí, o que en principio podería parecer unha evocación e defensa dos vellos códigos vólvese un uso literario destes con fins grotescos.

A sentencia é aprobada por unanimidade e celebrada bebendo augardente: “—Bastián, a ti toca beber el primero, que fallaste el pleito”, celebra Mari-Gaila no remate da primeira xornada.

Nas xornadas II e III o centro de gravidade desprázase cara á luxuria (a morte abre e pecha a obra) polo que a tensión hereditaria apenas aparece. Só coa morte do “idiota” ameaza a sombra da xustiza cando Ludovina –dona da baiuca na que este morre– impele á Tatula a que saque o carrétón fora “¡que no quiero compromisos en mi casa!”. Unha xustiza en todo caso temida e evitada –“Hay que evitar pleitos entre familias...”, “De andar en justicia no os librais”– nun mundo degradado e marxinal, de truáns perseguidos pola garda civil que entran en contacto cunha familia –os Reino e os Gailos– cando menos estrafalaria.

Unha xustiza que contra o espírito de igualdade e harmonía social que se lle presumía na tradición liberal burguesa da que emanaba, dexenerara en algo ameazante na España da Restauración, o que a transforma-

<sup>27</sup> Lugar e parroquia pertencentes ao Concello de Vilanova de Arousa.

<sup>28</sup> MENÉNDEZ-VALDÉS GOLPE, Eduardo: *Las particularidades de derecho patrimonial en el noroeste de España, ante la compilación gallega y el código civil*. Becerreá. Lugo. 1964.

ba tamén en ameaza para o coro de labregos e gandeiros: “¿Y si esto nos trae andar en justicias?”, “¿sellar la boca para los civiles y aguantar mancuera!” dialogan como final Milón de la Arnoya e Serenín de Bretal.

#### CARA DE PLATA: UN PREITO CON HISTORIA. O PASO DA PONTE DE LANTAÑÓN

Publicada en 1923, *Cara de Plata* aparece situada sen embargo en primeiro lugar no desenvolvemento cronolóxico das tres *Comedias Bárbaras*, seguida de *Aguila de Blasón* (1907) e *Romance de Lobos* (1908).

A acción de *Cara de Plata* e, en consecuencia, a das tres *Comedias Bárbaras*, ábrese co conflito que se establece entre os Montenegro –Don Juan Manuel, señor de Lantañón e os seus fillos– cos restantes estamentos sociais –chaláns que conducen o gando á feira de Corpus de Viana del Prior, alcaldes, a igrexa representada polo abade de Lantañón– por outro, polo dereito de paso pola ponte de Lantañón, impedido polos Montenegro tras gañar o preito sustanciado por esta causa.

A crítica<sup>29</sup> ten reparado na importancia desproporcionada que este episodio adquire, non xa no esquema global de *Cara de Plata*, senón de toda a triloxía mesma, desproporción buscada de forma deliberada polo propio Valle-Inclán.

A continuación reproducimos algúns fragmentos extractados deste episodio, imprecindibles para a comprensión do que máis adiante se vai exponer.

A escena primeira da xornada primeira ábrese coa acotación na que aparecen espacio e personaxes, e continúa co prantexamento do problema nos diálogos:

<sup>29</sup> Ricardo Doménech en prólogo a *Cara de Plata*. Espasa-Calpe. Austral Madrid.1994. 9ª Ed.

“Alegres albores. Luengas brañas comunales en los montes de Lantaño. Sobre el roquedo la ruina de un castillo, y en el verde regazo, las arcas de Bradomín. Acampa una tropa de chalanés, al abrigo de aquellas piedras insignes –MANUEL TOVIO, MANUEL FONSECA, PEDRO ABUÍN, RAMIRO DE BEALO y SEBASTIÁN DE XOGAS–”.

PEDRO ABUÍN. –Ganados de Lantaño siempre tuvieron paso por Lantañón.

RAMIRO DE BEALO. –Hoy se lo niegan. Perdieron el pleito los alcaldes y no vale contraponerse.

PEDRO ABUÍN. –Eso aún hemos de ventilarlo.

RAMIRO DE BEALO. –No te metas a pleito con hombre de almenas.

PEDRO ABUÍN. –¡Casta de soberbios! El fuero que tienen, pronto lo perdían si todos nos juntásemos. ¡No es más tirano el fuero del Rey!

(...)

PEDRO ABUÍN. –A esta casta de renegados la hemos de ver sin pan y sin tejas. ¡Más altos adarves se hundieron!

MANUEL TOVÍO. –Pero en el ínterin se nos priva el paso por el dominio de Lantañón. ¡Tanto son parciales los días presentes!

(...)

PEDRO ABUÍN. –En Lantañón parece ser que ahora sacan el fuero de negar el paso a los que transitan para la feria de Viana. ¿Estais conformes en ello?

EL VIEJO DE CURES. –¡Si hay Ley!

PEDRO ABUÍN. –¡No la hay! Ni ley ni poder para negarnos camino, tiene el Vinculero.

(...)

SEBASTIÁN DE XOGAS. –Tanto no juego, pero habría que deliberarlo.

Conforme al texto de los pasados, nos debe servidumbre el dominio de Lantañón...

RAMIRO DE BEALO. –No vale contraponerse. El Vinculero ganó el pleito que tenía con los alcaldes.

PEDRO ABUÍN. –¡Fue mal sentenciado! Y todos a una puestos en la de pasar, nos reímos de papeles.

EL VIEJO DE CURES. –Donde hay sentencia de juez, mala o buena, tuerta o derecha, le toca perder al rebelde.

(...)

EL VIEJO DE CURES. –Arrogancias, nunca ganaron pleitos.

SEBASTIÁN DE XOGAS. –¿Qué cuentas son las vuestras? ¿llevar el ganado por la barca?

(...)

PEDRO ABUÍN. –¿Qué resolución tomamos, compañeros? La mía es meter el ganado por las Arcas. Pero habíamos de ser todos a una. Si como dicen, hubo ya tiempos donde fueron quemadas casas de Torre, pudieran volver tales tiempos.

(...)

EL VIEJO DE CURES. –Tengo una carga de años, y os confirmo que más ganaremos con palabras de política que con acciones rebeldes.

(...)

EL VIEJO DE CURES. –¡Amén! Sin concordia entre altos y bajos, el mundo no se gobierna.

Na escena segunda, no pazo de Lantañón, Don Miguel Montenegro (Cara de Plata) fillo do vinculeiro Don Juan Manuel Montenegro, galantea con Sabelita; entretanto aparece o cabaleiro que lle ordea que faga “en el monte recuento del ganado” para “bajarlo a la feria de Viana”. “Irás con tus hermanos” –dille– “que ellos están caí-

dos en las picardías de chalanes (...) tus hermanos te pervierten con sus malos ejemplos. Escúchame. No te pido que seas un santo, cada edad reclama lo suyo, pero no olvides las obligaciones de tu sangre, como hacen los otros perversos”. De súpeto Fuso Negro “mendigo alunado” avisa aullando con tuertos visajes: “¡Se juntó una tropa de hirmandiños! (...) ¡La Torre entre todos nos han de quemar! ¡Touporroutou!”

A terceira escena desenvólvese xa na ponte de Lantañón: “Por los pretilles, en los claros ojos de la mañana, se estrecha una punta de vacas, con el sol en las astas. Y contra el sol, rostro al monte, viene al galope Cara de Plata”.

EL VIEJO DE CURES. –¡Galán vinculero! ¿Es verdad que al presente está privado el tránsito?

CARA DE PLATA. –Es verdad.

EL VIEJO DE CURES. –¿Y hemos de llevar el ganado por la vuelta del río, y pasar la barca, al ir y al volver de esta gran feria de Viana?

CARA DE PLATA. –Así es la sentencia.

EL VIEJO DE CURES. –A duras leyes, jueces clementes, dice el saber de los antiguos.

(...)

EL VIEJO DE CURES. –¡A lo menos fuéranos permitido el tránsito para estas ferias anuales del Corpus! ¡A lo menos fuéranos eso concedido, que según luces de curiales, es lo que vinieron gozando los pasados!

CARA DE PLATA. –Eso os daba mi padre, y fuisteis al pleito.

(...)

EL VIEJO DE CURES. –¡Sangre de Montenegro, el tránsito a todos nunca podrá quitarse! Es la costumbre del tiempo de los viejos, y las costumbres hacen ley.



Cara de Plata, por T. Villalva Montero



O paso da Ponte de Lantaño, por T. Villalva Montero.

Nisto aparece o abade de Lantañón que se dirixe apremiado “para encaminar un alma en lugar de Freyres”. Cara de Plata empécelle o paso pois “si no pasan los que vienen a pie, no deben pasar los que vienen a caballo”. O abade, contrariado, exclama:

EL ABAD: Apártate, grandísimo renegado. Ya te he dicho que voy a encaminar un alma. ¡Apártate en nombre de Dios!

Como Cara de Plata non cede pois que “mi padre ganó el pleito y hace valer la sentencia” o abade irado ameaza: “¡Sacrílego, considera que un pecador espera absolución! ¡Que está en trance de muerte! ¡Que entregas el alma al Infierno! ¡Que incurres en pena de excomunión!”

Ao mesmo tempo, unhas voces remotas proclaman: “¡Es camino del Rey! ¡El paso es libre! ¡Libre es el paso! ¡No hay ley que

lo cierre!”

Pois ben, en principio e nun primeiro e máis superficial nivel de análise, o que aquí se prantexa é un conflito pola vixencia ou non dun vello dereito señorial de paso, o pontádego. Resulta coherente co tempo histórico no que se presumen ambientadas as *Comedias Bárbaras*, último cuarto do século XIX.

Marcelo Martínez Alcubilla<sup>30</sup> aclara que os dereitos de pontádego “tuvieron su origen en la Edad Media y según lo que se desprende del estudio de la historia, debieron establecerse en tan excesivo número y tan arbitraria y caprichosamente por los señores y dueños de castillos (...) que fue necesario que nuestros Monarcas pusiesen coto a las demasías que se cometían con los caminantes”.

Villamil<sup>31</sup> observa, sen embargo, para a época de máximo esplendor histórico de Galicia (s. XI-XIII) como “las fábricas de las puentes están especialmente citadas como buenas o meritorias, por la mayoría de los escritores que en el dozavo siglo han tratado de la penitencia” por este motivo “el círculo de las obras benéficas, con carácter de piadosas, al abarcar como uno de los preferentes objetos de la beneficencia la protección y auxilio de todo viajero, llevara o no fin piadoso, se extendió a la apertura y entretenimiento de las vías de comunicación, y especialmente, cual el principal elemento de ellas, a la fábrica de los puentes” (suliñado noso). Atendendo a isto, a intercepción do abade á entrada da ponte por Cara de Plata adquire tintes de máxima heterodoxia.

<sup>30</sup> MARCELO MARTINEZ ALCUBILLA: *Diccionario de la Administración española*. Voz. Pontazgos, Portazgos, peajes, barcajes, rodas y castillerías.

<sup>31</sup> VILLAMIL Y CASTRO, J. Reseña histórica de los establecimientos de beneficencia en Galicia durante la Edad Media. *Rev. Galicia Histórica*. 1902. nº5.

Conservado ao longo do Antigo Rexime este dereito de paso entrou en crise no século XIX, considerado como “atentatorio a la libertad individual y al tráfico mercantil”. Foi obxecto de abolicións e restauracións ata que as Cortes Constituíntes do Sexenio “fieles a su misión revolucionaria, abolieron el impuesto por la ley de presupuestos de 30 de Junio y 1º de Julio de 1869”.

Coa chegada da Restauración, foi restablecido por lei de 11 de xullo de 1877 e definitivamente abolido en lei de 31 de decembro de 1881.

Estes vaivéns legislativos froito da inestabilidade política e social na que estaba inmersa a Galicia e o conxunto do Estado finiseculares, como nolo amosa tamén o problema dos foros, deron lugar ao establecemento de preitos como o que viña de gañar Don Juan Manuel Montenegro.

Sen embargo, e dentro dunha análise máis detida deste episodio de enfrentamento de paso é posible facer unha dobre lectura, da que emerxen as seguintes consideracións que antes expoñemos en síntese para despois seren analizadas polo miúdo:

I. Mediante as alusións aos Irmandiños, “¡Se juntó una tropa de hirmandiños!”, ao entorno de Lantaño/Lantañón ou con caracterizacións como a que se fai de Don Juan Manuel Montenegro “Rey suevo en su pazo de Lantañón”, Valle establece un paralelismo histórico marcadamente simbólico entre o presente narrativo (finais do século XIX), momento do declive final da fidalguía, e o mítico século XV, de grandes convulsións, no que tamén no seu último tercio, a nobreza galega, tras vencer aos Irmandiños, acabará desaparecendo fronte a “nova orde” que imponen os Reis Cató-



Escena de *Cara de Plata*: D. Miguel Montenegro impedindo o paso ó gando de Lantaño. Por T. Villalva Montero.

licos, aínda que tamen, vítima, en gran medida da súa dexeneración interna.

II. Do mesmo modo é posible inferir que igual que acontece coa caracterización dos personaxes, Valle-Inclán tamén utilizou como fonte de inspiración as Historias de Galicia, de Vicetto –sobre todo– e de Murguía, así como o monográfico *Galicia en el último tercio del siglo XV* de López Ferreiro. De aí tomará o necesario para recrear de xeito paralelístico estes dous momentos históricos coa introducción de situacións e ambientes similares (preitos, ameaza de revolta...) ou mediante notas evocadoras na pintura dos escenarios: “ruinas de un castillo”, “Fue villa de señorío (...) rebelde frente a condes y mitrados”...

III. Relacionada con esto último aparece a definitiva consolidación do espacio Lantaño-Lantañón como escenario simbólico, nexa de unión espacial entre ambos períodos históricos, solar por antonomasia da nobreza trastamarista baixomedieval representada na terra de Salnés polo mariscal Sueiro Gómez de Sotomayor<sup>32</sup>, e topónimo recorrente na obra de Valle-Inclán, onde se ubica o pazo de Don Juan Manuel, na *Sonata de Otoño*, en *El Marqués de Bradomín* e ao comezo das *Comedias Bárbaras*.

#### PARALELISMO HISTÓRICO ENTRE OS SÉCULOS XV E XIX.

Hai que recordar que aínda que Valle escribe *Águila de Blasón* (1907) e *Romance de Lobos* (1908) antes que *Cara de Plata* (1922), esta é a primeira se se atende á cro-

<sup>32</sup> “fasta que Sueiro meu fillo seja casado ou de idade comprida” di seu pai Paio no seu testamento polo que Suero debe ser castellanización de copistas posteriores.

noloxía interna das *Comedias Bárbaras*. Cando o escritor vilanovés firma esta última, ten que crear os precedentes dramáticos daquelas. Así o confesa o propio Valle nunha carta que dirixe a Azaña en 1922<sup>33</sup>: “Le mando el final de Cara de Plata. Esas condenadas cuartillas me dieron un poco de jaqueca. Quería en la escena última dar como una intuición la tragedia con que termina *Romance de Lobos*”.

Esta traxedia, que remata co parricidio de Don Juan Manuel Montenegro a mans de seus fillos, símbolo dun mundo que desaparece<sup>34</sup>, é o resultado final da dexeneración económica e moral nas que se sume a fidalguía ao longo de todo o século XIX.

Este estamento aparece en Galicia ocupando en parte o baleiro político e económico deixado pola alta nobreza baixo medieval trala súa liquidación a mans dos Reis Católicos e do Arcebispo de Santiago, Alonso de Fonseca, a finais do século XV.

Trátase dun grupo intermediario, característico do mundo agrario de Europa Occidental nos tres séculos anteriores á difusión do capitalismo<sup>35</sup> que se consolidará a partir dun conglomerado vario de antigos escudeiros licenciados das milicias nobiliarias, herdeiros de mercaderes beneficiados no comercio de tec-

<sup>33</sup> HORMIGÓN, J.A.: *Valle-Inclán. Cronología. Escritos dispersos. Epistolario*. Fundación Banco Exterior. Madrid 1987.

<sup>34</sup> Declararía Valle-Inclán nunha entrevista concedida a Rivas Cherif en 1924 e publicada na revista *España* que “he asistido al cambio de una sociedad de castas, (los hidalgos que conocí de rapaz), y lo que yo ví no lo verá nadie. Soy el historiador de un mundo que acabó conmigo. Ya nadie volverá a ver vinculeros y mayorazgos”. En Hormigón J.A. *opus cit.*

<sup>35</sup> VILLARES, R.: La sociedad del Antiguo Régimen: Hidalgos y Campesinos. *Historia de Galicia*. Faro de Vigo. Vigo. 1991.

dos, viño ou peixe, indianos enriquecidos<sup>36</sup> ou descendentes de cregos e escribáns<sup>37</sup> que conquistaron o seu patrimonio mediante a obtención de foráis eclesiásticos dentro do proceso de reordenación destes, que aseguraron á Igrexa a titularidade a cambio dunha xenerosa concesión a favor de persoas que lle garanten un control dos campesiños, ben pola vía de casamentos estratéxicos ou coa compra de bens –sobre todo a partir de 1560– a campesiños arruinados ou en apuros.

Finalmente, para garantir a integridade e perpetuación do patrimonio así como o renome do apelido familiar, válese da institución de vínculos e morgados para constituír unha fundación señorial. Cos séculos XVII e sobre todo o XVIII como tempo de máximo esplendor –a época dos pazos– favorecido pola bonanza da economía agraria, a chegada do XIX co seu novo modelo político e económico foi para estes señores da terra un duro calvario.

Para R. Villares<sup>38</sup> a descomposición deste modo de propiedade “efectúase ao longo dun período que comeza a fins do século XVIII e que se acentúa co proceso revolucionario iniciado en 1808 e definitivamente consolidado trala morte de Fernando VII” no que se procura “eliminar a pluralidade de dominio, propia da propiedade feudal para asentar a propiedade plena, libre e “perfecta”. En 1837 –tralas experiencias interrompidas de 1811 e 1823– aprobouse a lei de abolición de vín-

culos e morgados o que supón “a destrución dunha das institucións que con máis ardencia defendía a condición de inalienabilidade da terra e a súa colocación ao abrigo do comercio do capital (...)”.

Non habería “propiedade privada, libre e capitalista da terra sen a supresión da vinculación organizada en torno á figura do morgado”.

Despois da desaparición do señorío, a fidalguía “moi raramente logrou consolidar os seus dominios”<sup>39</sup> aínda que se mantivo “de forma progresivamente deteriorada ligada aos seus ingresos de orixe agraria”. A desvinculación provocou, por mor da división do patrimonio en partillas, a aparición de moitos preitos que contribuíron a deteriorar a economía pacega. Este progresivo estado agónico agrávoose fatalmente no último cuarto do século XIX.

Comeza en 1873 cando a Lei de Redención de Foros é aprobada polas Cortes Republicanas a proposta de Paz Novoa. Aínda que abolida esta lei ao ano seguinte, marca o inicio dun proceso que se considera inevitable. Coincide ademais co inicio da grande crise agraria finisecular que afecta a toda Europa entre 1873 e 1896 como resultado “da formación dun mercado mundial para os produtos agrarios”<sup>40</sup> posibilitado polos novos medios de transporte (ferrocarril, barco de vapor...). Desta maneira a produción cerealística americana (USA,

<sup>36</sup> Todo este proceso aparece perfectamente documentado para a formación do señorío da Rúa Nova solar dos Valle-Inclán en: Gonzalo Allegue: *A Rúa Nova. Crónica familiar*. En *Cuadrante* nº 2.

<sup>37</sup> SAAVEDRA, P.: Régimen señorial y poderes locales. *Historia de Galicia*. Faro de Vigo. Vigo. 1991.

<sup>38</sup> VILLARES, R.: *Desamortización e réxime de propiedade*. A Nosa Terra. Vigo. 1994.

<sup>39</sup> “Por atoparse maioritariamente extendida a fórmula foral/subforal ou análoga para as concesións subordinadas da terra. Isto, entre outras razóns, explica a continuación da existencia dos foros galegos ata o século XX, enleados nunha “interinidade legal” que nin os asimilaba nin tampouco os excluía do curso seguido polos censos enfitéuticos. Os campesiños, posuidores en última instancia do dominio util, lograrán neste século XX consolidar no seu favor os dominios, desprazando tamén aos foreiros intermedios galegos” in Villares. *Opus cit.*

<sup>40</sup> CABO VILLAVERDE, M. *O Agrarismo*. A Nosa Terra. Vigo. 1998.

Arxentina) con baixos custos de produción convértese en “competencia directa para os agricultores do vello continente”<sup>41</sup> e provoca a caída dos prezos dos cereais.

Como a fidalguía galega cobraba as rendas en especie para logo comercializar o produto a granel en feiras e mercados comarcais, vai ser a grande vítima desta primeira vaga da globalización económica. En cambio o mercado gandeiro, primeiro coa exportación a Inglaterra e logo –trala conexión coa Meseta por ferrocarril en 1883– aos mercados peninsulares estaba en alza.

En certo modo, Don Juan Manuel Montenegro, impide coas súas trabas feudais o desenvolvemento do comercio gandeiro que se dirixe á feira de Viana del Prior, sector emerxente en comparación co devaluado prezo que agora teñen no mercado as rendas en gran que a súa muller Dona María cobraba a “los forales de András y Corón” en *Romance de Lobos*.

A degradación económica leva aparelhada a degradación social e moral representada en Valle-Inclán polos fillos do vinculeiro. Xa en *Águila de Blasón*, en premonitoria frase, di Don Juan Manuel que “esos malvados que engendré para mi afrenta convertirán en una cueva de ladrones esta casa de mis abuelos; conmigo se va el último caballero de mi sangre...”.

Pero este deterioro conleva tamén a exacerbación e esaxeración do sentido da autoridade como síntoma da propia consciencia da decadencia, síntoma que en claro paralelismo coa nobreza do XV comparten Don Juan Manuel e os seus fillos. Como sinala Velasco Souto<sup>42</sup> “difícilmente

te as contradicións poden saltar a escena con maior crueza. Por tódalas partes pobreza, asfixia, decadencia. Pero por tódalas partes tamén, as mesmas e irrenunciabes invocacións ao prestixio e “botón” dos brasóns, o mesmo desesperado recurso ao “nobreza obriga” cando xa pouco queda por salvar do naufraxio”.

Ben claro llo di el señor Gínero aos fillos de Don Juan Manuel en *Águila de Blasón*: “¡Ríanse, burlense!... Todos esos fueros de soberbia son humo, y lo serán más. Se abajan los adarves y se alzan los muladares. ¡Raza de furiosos, raza de déspotas, raza de locos, ya vereis el final que os espera Montenegros!” Este orgullo foi bo compañeiro de viaxe da enleada situación legal de foros e partillas para inzar de ruinosos preitos moitas escribanías vilegas. Como obseva El Pobre de San Lázaro en *Romance de Lobos*, “Las casas más grandes se consumen como los cirios del velorio, cuando los hijos se alzan contra los padres y pelean por las herencias”.

Pero este aciago século ten un simbólico correlato histórico na obra de Valle-Inclán no século XV, evocado na alusión directa dos personaxes á Revolta Irmandiña, na caracterización dos fidalgos ou en acotacións descritivas como cando se di de Viana del Prior que “Tiene su crónica en piedras sonoras, candoroso romance de rapiñas feudales y banderas de gremios rebeldes, frente a condes y mitrados. Viejas casonas, viejos linajes, pergaminos viejos, escudos en arcos, pregonan las góticas fábulas de la Armería Galaica”.

Este século, tamén foi testemuña do ocaso dunha casta, a terrorífica nobreza baixomedieval trastamarista e dos preitos que os campesiños e as vilas e cidades mantiñan contra nobres e prelados pola conservación dos dereitos cidadáns.

<sup>41</sup> CABO VILLAVARDE, M. *Opus cit.*

<sup>42</sup> VELASCO SOUTO, C.F.: *A sociedade galega da Restauración na obra literaria de Pardo Bazán. (1875-1900)*. Pontevedra.1987.

Co século XIV, constitúe o XV –o mesmo ca o XIX– un período de inexorable decadencia despois do esplendor económico e cultural ao que chegara o Reino de Galicia nos séculos XII e XIII. En exacto paralelo co tránsito do XVIII ao XIX, “a poboación aumentara moito pero nin se abría o acceso á terra para novos demandantes, nin as nacentes actividades capitalistas ofrecían aínda unha alternativa suficiente”<sup>43</sup>.

A nova nobreza trastamarista tamén tiña moitas semellanzas coa fidalguía moderna. Nobreza de segundo rango encaramada ao poder en Galicia –co señorío arcebispal como compañeiro de viaxe– gracias ao seu apoio ao vencedor Henrique de Trastámara, quen lle arrebatara a coroa a Pedro I –apoiado este pola vella nobreza e o mundo urbán– “lánzase a unha desordenada carreira na búsqueda presurosa de riqueza e novas xurisdiccións obtidas –como as da fidalguía– aforando bens eclesiásticos que logo subforan aos campeños”<sup>44</sup>, actitude que a conduce “o choque cos demais estamentos” nun ambiente de “enfrentamentos indiscriminados nos que a nobreza, o clero episcopal, capitular e monástico, os burgueses e os labregos participan con alianzas e enemistades variables”. Isto “afectaba á marcha da economía comercial” ao se veren “afectadas as economía comercial e interrompido o tráfico comercial”<sup>45</sup>.

O mariscal Sueiro Gómez de Sotomayor, señor de Lantaño, é o representante deste sector nobiliario no Salnés, tendo xogado no século XV “uno de los papeles más importantes en las contiendas políti-

co-sociales de la Galicia de su tiempo”<sup>46</sup> Como mostra, sirva que “en 1447 el arzobispo dirige una requisitoria a Suero y otros caballeros amenazándolos con la excomunión (...) si no se abstendían de exigir pedido alguno a los colonos de los canónigos de Santiago” e catro anos máis tarde o mesmo prelado “ordenaba a Suero que en virtud de santa obediencia y bajo pena de excomunión dejase libres al cabillo las rentas y frutos del beneficio de San Adrián de Vilariño de Cambados”<sup>47</sup>.

Ante tantos excesos, ante tanta desorde e inxustiza, levantáronse as Irmandades contra os señores de torre derrocando as súas fortalezas e implantando goberno e xustiza no país durante dous anos. Reorganizada en alianzas, a nobreza recupera o perdido en pírrica victoria, pois apenas vinte anos máis tarde, empobrecida e debilitada, será finalmente aniquilada na “nova orde” que representaba Isabel a Católica, rematando con ela no XV –como coa fidalguía no XIX– toda unha época na Historia de Galicia.

Por iso, Valle-Inclán establece un simbólico paralelismo entre ambos intres críticos mediante, por exemplo, comportamentos coincidentes entre os dexenerados fillos de Don Juan Manuel e os degradados señores “de horca y cuchillo” que protagonizaron as fazañas que Vasco de Aponte refire no seu *Nobiliario*, con evocacións do pasado medieval ao describir a Viana del Prior “fue villa de señorío como lo declaran sus piedras insignes (...) tiene su crónica en piedras sonoras, candoroso romance de rapiñas feudales y banderas de gremios rebeldes, frente a condes y mitrados. Viejas casonas, viejos linajes,

<sup>43</sup> LOPEZ CARREIRA, A.: *Os irmandiños. Textos, documentos e bibliografía*. A Nosa Terra. Vigo. 1991.

<sup>44</sup> LÓPEZ CARREIRA, A.: *op. cit.*

<sup>45</sup> LÓPEZ CARREIRA, A.: *op. cit.*

<sup>46</sup> GARCÍA ORO, J.: *Galicia en los siglos XIV y XV*. Fundación P. Barrié de la Maza, A Coruña, 1987.

<sup>47</sup> GARCÍA ORO, J.: *op. cit.*

pergaminos viejos, escudos en arcos, pregonan las góticas fábulas de la Armería Galaica”, ou xa coa alusión directa a este tempo en boca do sempre premonitorio Fuso Negro, cando di: “¡Se juntó una tropa de hirmandiños! ¡La torre entre todos nos han de quemar!” ambas en *Cara de Plata*.

Deste xeito introduce Valle na súa obra un mito da historiografía galega decimonónica.

#### VALLE E A HISTORIOGRAFÍA GALEGA DO XIX.

Carlos Barros destaca que “a historiografía galega descubriu a revolta de 1467 como obxecto histórico a mediados do século XIX. O achádego dos irmandiños axudou bastante á fundación dunha historiografía netamente galega e, alén diso, constitúe un sinal da nosa identidade nacional” sendo a Vicetto –máximo representante da corrente romántico-historicista de signo liberal– a quen “debemos o descubrimento dos irmandiños como obxecto da historiografía contemporánea”<sup>48</sup>.

#### Benito Vicetto

Xa Rubia Barcia<sup>49</sup> sinalou como Valle, que empezou a súa carreira “publicando artigos periodísticos, alguna leyenda y varios cuentos (...) hasta cierto punto y en líneas generales, repite en cuanto a ambiente, géneros y temas la línea seguida por Vicetto”.

Destaca *Los hidalgos de Monforte* (1851) “novelón romántico que tiene por

<sup>48</sup> BARROS, C.: *op. cit.*

<sup>49</sup> RUBIA BARCIA, J.: *op. cit.*



Benito Vicetto Pérez.

tema la supuesta lucha en el siglo XV del mariscal Pardo de Cela, al frente de los hermandiños, por la libertad de Galicia y en contra de los afanes unificadores de los Reyes Católicos (...) haciendo un paralelismo entre la situación a fines del siglo XV y aquella en que escribe”. Ademais esta obra “no sólo va a familiarizar a Valle-Inclán (...) con su concepción del mundo medieval (...) sino que le va a servir de inspiración para alguna de las escenas de su obra futura”.

Para Rubia Barcia, pois, ambiente e personaxes fidalgos do ciclo galego de Valle están directamente inspirados na novelística vicettiana.

Cabe destacar ademais a influencia que exerce a *Historia de Galicia* que aquel publica entre 1865 e 1874:

—En primeiro lugar porque nela incrusta o *Nobiliario* de Vasco de Aponte (citado moitas veces por Valle-Inclán) escrito en 1534, onde se da noticia das principais linaxes galegas. Constituía a fins do XIX a principal fonte de coñece-

mento –desde unha óptica pronobiliaria- do turbulento final do século XV.

—Segundo, polo ar romántico e novelesco con que Vicetto tamén historia este momento. Ademais pola caracterización de determinados personaxes e sucesos que lembran sobre todo a Don Juan Manuel e aos seus fillos ou ao abade de Lantañón en *Cara de Plata*.

Así para Vicetto, un indolente Henrique III “entregado a monterías y partidas de caza” e asimesmo entregado “desde su juventud a la disolución, cuando hubo perdido las fuerzas conservaba aún todo el gusto de un hombre estragado por los placeres sensuales” o que conduciu ao país a unha situación de “pleitos y tumultos, un desenfreno general en que sólo reinaba el derecho del más fuerte, y partidas de malhechores infestando a la nación, la cual se precipitaba a rienda suelta por la pendiente de su ruina”. Por se isto non fora suficiente, “el contagio del mal ejemplo se comunicó de aquella corte a la nación, ya muy viciosas una y otra y hasta los prelados de la iglesia ofrecían (...) el más repugnante y desconsolador espectáculo”. Prosegue Vicetto contando o que aconteceu en 1458 con Rodrigo de Luna, xove arcebispo de Compostela: “este mozo se daba tanto a la vida libertina que, sin respeto a su elevadísimo carácter sacerdotal, cometía las mayores tropelías y las más escandalosas infamias (...) fue tan antojado que se enamoró perdidamente de una joven de aquella ciudad, y no pudiendo reducirla con dádivas para conseguir sus voluptuosos deseos, la noche en que la infeliz acudió a la iglesia para casarse con su prometido, aquella misma noche en que se velaba la robó el arzobispo con el fin de satisfacer su brutal impureza”, o que recorda o rapto de Sabelita por Don Juan Manuel Montenegro.

Se este era o estado no que se atopaban a monarquía e o clero “bajo este aspecto tumultuario y oligárquico –prosegue Vicetto– aparece en el horizonte de la historia Pedro Álvarez de Sotomayor, –infanzón tal vez el más indómito y temible de la edad media galaica– tipo acabado del levantisco barón feudal de pendón y caldera, figura altamente móvil, palpitante y dramática bajo la pluma del genealogista contemporáneo Vasco da Ponte”<sup>50</sup>.

Continúa Vicetto coa revolta irmandiña e seguindo esta vez a Frei Felipe de la Gándara –*Armas y Triunfos del Reino de Galicia* (1662)– destaca “de su nobiliario la genealogía de los Lemos, para evidenciar dos cosas: la pureza de sangre sueva de esta familia indígena y exclusivamente galaica...”; lembremos que Don Juan Manuel aparece como “rey suevo en su pazo de Lantañón”.

E conclúe considerando que “debemos saludar con emoción la memoria de los villanos que se levantaron en aquella guerra para lidiar contra la tiranía de sus señores de soga y cuchillo (...) operarios oscuros de la gran obra de nuestra redención social (...) derribaron la omnipotencia irracional de sus señores temporales mitrados y agrupándose ahora al pie de los castillos feudales del territorio derribaron los nidos de los buitres que devoraban sus entrañas (...) con el carácter más general y eminentemente socialista de destruir el feudalismo y unificar los hombres en la igualdad y fraternidad proclamada por el dulce cordeiro del Calvario”.

Este extenso párrafo –en concreto as últimas liñas– é a mellor mostra dun dos ingredientes básicos que informaban a ideoloxía dos homes do Provincialismo, dos

50 VICETTO, Benito: *Historia de Galicia*. Imprenta Taxonera. Ferrol. 1874.

Precusores nos que Murguía inclúe a Vicetto: o cristianismo social de influencia francesa (Lammenais) no senso dun “catolicismo anovador evanxélico, que recupera o senso orixinario da xustiza e a solidariedade do cristianismo primitivo”<sup>51</sup>. O propio filósofo francés Lammenais, nun principio defensor ultramontano do Antigo Rexime sofre unha ruptura co seu pensamento anterior e o seu aristocratismo pasando a defender unha xustiza social de base cristiá.

Valle fai evolucionar a Don Juan Manuel Montenegro de forma similar nas *Comedias Bárbaras* cando xa en *Romance de Lobos*, na escena VI da xornada I, se dirixe aos mendiños dicindo: “Nacisteis pobres y no podréis rebelaros nunca contra vuestro destino. La redención de los humildes hemos de hacerla los que nacimos con ímpetu de señores cuando se haga luz en nuestras conciencias. ¡En la mía se hace esa luz de tempestad! (...) ¡Pobres miserables, almas resignadas, hijos de esclavos, los señores os salvaremos cuando nos hagamos cristianos!”

Manuel Murguía.

Valle tamén tivo noticia da revolta irmandiña no “Discurso Preliminar” con que Murguía comeza a súa *Historia de Galicia* (1865).

Para este, a nobreza galega “altanera y dura y ambiciosa (...) tuvo su día de poder y su día de desgracia, su apogeo y su zenit: Cometa de larga y enrojecida cabellera, cruzó orgulloso el espacio, y antes de desaparecer lanzó sus más vivos y siniestros resplandores sobre la tierra que le sostenía. La memoria de su último desastre duró largo tiempo, y todavía las piedras de algu-

nas de sus fortalezas, las leyendas y la canción popular, conservan el recuerdo de aquellos días, que embelleció la tradición e hizo imperecederos”. Engade que “como si no les fuera bastante dominar en los propios estados, se incrustaban en los de las iglesias, y se apoderaban de los que como realengos, estaban exentos de dominio”; por iso, “brutales en sus desenfrenos, ávidos de riqueza, recelosos y perjuros, probaron una vez más, que las razas dominadoras señalan siempre el fin de su poder con los mayores excesos y las más crueles iniquidades”. Este retrato histórico co que Murguía evoca os últimos días da nobreza medieval –escenario ambientado coas ruínas de fortalezas e torres, auxe e posterior ocaso, acompañado de actitudes desenfrenadas– acae perfectamente á sembranza que Valle-Inclán fai da agónica fidalguía representada polos Montenegro.

O arcebispo Fonseca “prelado guerrero, cuyo pontificado fue un largo y continuado combate” ten tamén no abade de Lantañón o seu correlato. Frente a isto “no hallaron



Manuel Murguía

<sup>51</sup> BERAMENDI, J. e NÚÑEZ SEIXAS, X. M. *O nacionalismo galego*. A Nosa Terra. Vigo. 1995.

los pueblos de Galicia otro recurso que juntarse, formar Hermandad”.

### López Ferreiro

A monografía que este coengo e historiador compostelán adica a este tema co título *Galicia en el último tercio del siglo XV* –publicada en 1883 no xornal *El Libredón* e en 1893 en libro na Biblioteca Gallega– interésanos por dous motivos. En primeiro lugar como posible fonte da que Valle-Inclán extraera xestos e valores para utilizalos no momento de perfilar personaxes ou estamentos nas *Comedias Bárbaras*. En segundo lugar pola novidosa aportación documental que aporta neste volume referente ás protestas que a Irmandade de Vilanova de Arousa efectúa ante os abusos do Mariscal Sueiro Gómez de Sotomayor e da Mitra Compostelana<sup>52</sup>.

<sup>52</sup> O texto íntegro que inserta López Ferreiro é como segue: “Año do nacemento de Noso Señor Jesucristo de mill e quatro centos e sesenta e sete anos a dos días del mes de abril, sábean todos que eno porto de Villanova de Arosa en presencia de mí notario e testigos de iuso escritos, pareceu Rui Vicenti, alcalde da santa irmandade ena dita villa de Villanova e por ante mí o dito notario... presentou a Afonso Ares de Rosende y a Gonzalo Tello e Afonso Gómez de Villamayor, vecinos do dito porto, que presentes estaban como breñaños e antigos que eran do dito porto de Villanova, por quanto elles heran ya vellos e antiguos e heran savidores dos costumes e libertades do dito porto e se reseaua que pasando eles da presente vida eno dito porto no avía quien soubese nin foren sabidores dos ditos costumes e libertades se elles non; e por quanto heu o dito Alcalde son sauedor en como se faz e trata a junta da sta. Irmandade ena villa de Medina e avian ende pasar grandes cousas as quaes se faran a servivio de Dios e da coroa real de Castilla, e porque fiquen cortadas todas las maneras, tratados, usos e costumes que nouamente eran postos, pideu a o dito notario que tomase delles juramento á os santos Evangeos en forma deuída, que elles disesen e declarasen os costumes e libertades que dito porto avía para que todos vivesemos en paz e sosiego e ben da república e servio da corona real de Castila. E heu o dito notario ...”. Primeiramente Afonso Ares de Rosende jurado a os santos Evangeos e por lo dito juramento preguntado sobre... dos ditos costumes e libertades que no dito porto avía, diso que el se acordava desde sasenta anos a esta parte que alcabala de noso señor el Rey no andava mais que en seis mill pares de brancas, e que estos seis mill pares de brancas heran



Antonio López Ferreiro.

dados al arzobispo don Lope en nome dos arrendadores del Rey, e que mais non levaba o dito arzobispo; e que ahora se entrometían señores e cavalleros de terra arrendarla e pagar a dita copia dos ditos seys mill pares de brancas e non mais; e sobre aquesto facían façer otros arrendamentos ao dito lugar en manera que se agravaba o lugar para que as tomase en mayores precios. Item disso mais que en rasón dos cartos das sardina que Don Fernando e Suero Gómez levaban do dito porto de Villanova con algunos jantares que lles non foran dados, salvo por defensión que os defendese; e que levaban de costume por lo dito jantar corenta mrs. e que aora víñanse a comer con triinta e corenta omes o quantos elles querían, a comer os ditos jantares e que non queren os ditos corenta mrs. según costume o qual non foi posto por defensión e he posto de cento anos a esta parte.

—Item disso que quanto aos nabíos... os arrendadores dos alfolies del Rey que puñan o sal ena ría de Arauzo onde se pagaban... e puñan eno dito porto a vender en casa de algunos omes e alli tiñan alfolins de dito sal, o qual heu o dito testigo o vendín en nome de Gil Rodríguez e de Estevo Rodríguez e de Juan Sánchez arrendadores dos ditos alfolíns; e que aora os da vila de Padrón o no querían consentir que se posese nos ditos lugares da dita ría salvo la dita villa de Padrón e que sempre o viran así salvo de corenta anos a esta parte e vira cargar e descargar os ditos navios de dito sal e nos ditos portos da dita ría e que aora non queren consentir os da vila de Padrón que ninguno no entregase ni dese o dito sal.

—Item preguntado cuyo era o señorío do dito porto de Villanova e justicia ordinaria del disso que era do moesteiro de San Martiño todo misto mero hemperio, e que ahora novamente desde lo tempo do arçobispo don Lopo a esta parte tomaban a posición ao dito moesteiro e desapoderavan del, a que arçobispos ningunos no tiñan no dito porto nen poderío nen justicia nengun que el aora facía nen nunca oubera entrada, salvo como se aseñoreara o arçobispo Don Lopo e despois seus antecesores que facían que os moradores do dito porto fosen ante seus castellersos o qual nunca

López Ferreiro, positivista no método histórico e de ideoloxía tradicionalista e rexionalista, toma partido neste preito pola Mitra representada por Alonso de Fonseca. Así considera que “triste y deplorable era la situación de Galicia, desde que medió el siglo XV (...) Todos los elementos de fuerza y de vida, que en sí encerraba el país, estaban envueltos en tenaz y fratricida lucha, y fatales debían ser los pronósticos que se hiciesen sobre el desenlace de tan terrible drama”.

---

fora, salvo porque o moesteiro no podía resistir que lle dira o dito lugar mill pares de brancas e que estos foran por un jantar por manera de defenson, os quales ditos mill pares de brancas foran dados ao arçobispo Don Lopo”. —Item Gonzalo Tello jurado ...disso que el vira estar a alcabala de noso señor el Rey en seis mill pares de brancas e que así a arrendaban aos arrendadores del Rey, os quales ditos seis mill pares de brancas eran dados ao arçobispo Don Lopo e que agora os señores arrendavan e facían otros arrendamientos aos do dito porto a mayores precios que os por que os avían por los fatigar, e lles facían tomar en manera que se agravaba o lugar.

—Item disso mais que en rasón dos cartos e jantares da sardina que levaban Suero Gómez e Don Fernando que lles foran dados por manera de defenson, e que non montaba o jantar mais de corenta maaravedís, e que elles venían a comer con quantos querían; pero que no era así o costume salvo dos quorenta maravedís, lo qual costume era posto de cento anos a esta parte.

—Item disso quanto aos navíos do sal que os arrendadores dos alfolíns del Rey puñan o sal ena dita ría a donde elles querían e que vira venderlo eno dito porto Alonso Ares de Rosende por Gil Rodríguez e Estevo Rodríguez arrendadores e Alonso de Torres por Juan Sánchez arrendadores del Rey, e que os ditos navíos carregaban e descarregaban o dito sal e que agora os da villa de Padrón desde quarenta anos a esta parte non querían consentir que os ditos navíos entrasen o dito sal nen o descarregasen o qual poderío elles nunca ouveran nen deberan salvo de los ditos corenta anos a esta parte. —Item preguntado cuyo era o dito señorío do dito porto, disso que era do abade e moesteiro de San Martiño todo misto mero emperio, salvo que aora novamente desde o tempo de Don Lopo a esta parte, o dito arçobispo e seus antecesores o tomavan a posición del ao dito moesteiro e que despois o dito moesteiro non podera resistir que o dito lugar dera ao dito arçobispo mill pares de brancas para un jantar e que desde allí seus antecesores os facían ir aos chamos e en plazos de seus castellers e de suas casas fortes o qual costume nunca deberan ne ouveran. Preguntado como o savia disso que se acordava de quarenta anos a esta parte e que así o vira todo esto ser”.

—Eu Rui de Santiago, notario público de Caldas de Reyes e de Salnés por la Iglesia de Santiago.

Así os nobres, tiranos e arbitrarios “arrebataban los ganados y jumentos para obligar a los dueños a que les entregasen lo que querían” e “se conjuraban y confederaban, no sin nota de sacrilegio y herejía, contra el Clero, las Iglesias, los lugares píos y la libertad eclesiástica (...) se negaban a recibir de su mano los sacramentos y, en tiempos de entredicho, contra lo que disponen los sagrados Cánones, de mano de los religiosos” polo que o papa Calixto III “fulmina pena de excomuniación contra los autores de tales y tantos crímenes”. Clima cismático similar ao da última escena de *Cara de Plata*:

Restalla una honda. Rebota en el muro de la Torre una piedra. Vuela una lechuzza del ángaro. EL CABALLERO se pone en pie, con resolución soberbia, y arranca el copón al clérigo.

EL CABALLERO. —¡Atrás!

VOCES DE VIEJAS. —¡Cristo! ¡Cristo! ¡Cristo! ¡Santísimo Cristo azotado! ¡Ciérrate, noche! ¡Cubre este espanto!

EL CABALLERO. —¡Cara de Plata, échale encima el caballo a esa punta de alcahuetas!

CARA DE PLATA. —¡Donde está el rayo que a todos nos abraza!

CARA DE PLATA sale por el arco recorriendo las riendas, tendido sobre la crin del caballo espantado. Capuces y luces del piadoso cortejo retroceden. Voces agorernas. Sombras huideras. Pánico sagrado. EL CABALLERO con la copa de plata en la mano se sienta en la escalera.

En nota final do capítulo II engade López Ferreiro: “El malogrado Vesteiro Torres cuenta en su *Galería de gallegos ilustres* una curiosa anécdota, en que con un solo rasgo se pone de relieve el carácter

turbulento y destemplado de la generalidad de los magnates gallegos de aquella época. Dice así: “En presencia de un deudo tachaba (el conde de Lemos) cierto día de traidores, tiranos, ambiciosos y feroces a sus compañeros de maldad, los Lanzós, los Camiñas, los Andrades, los Celas y otros, cuando el pariente le interrumpió preguntándole:

—¿Y qué sois vos?

—“Yo soy un demonio”, contestó con imperturbable serenidad y aplomo el verídico Conde”.

Despois da acotación arriba reproducida e como final de Cara de Plata exclama Don Juan Manuel:

EL CABALLERO. —¡Tengo miedo de ser el Diablo!

Ademais, a monografía histórica do coengo compostelán aportaba naquel momento unha gran novidade documental para o coñecemento da Revolta Irmandiña. Ata este historiador “os escritores de xenealoxías” dos séculos XVI e XVII “fican como os únicos interpretes cultos dos sucesos de 1467-1469”. Lembremos que a grande proba documental da Revolución Irmandiña, o Preto Távera-Fonseca, é descuberto en 1922 no arquivo “secreto” da catedral de Santiago por Pérez Constanti e dado a coñecer, en parte, en 1926 e, finalmente, de forma completa en 1984 por Angel Rodríguez González en edición da Fundación Barrié.

Pois ben, no capítulo V de *Galicia en el último tercio del siglo XV* titulado “De la sublevación de los Hermandinos”, como única mostra documental do periodo historiado e para demostrar que “la hermandad no tardó (...) en extenderse por todas las

ciudades, villas y concejos de Galicia” aporta López Ferreiro “los párrafos más sustanciales de un documento redactado en Villanueva de Arosa (sic) el 2 de Abril de 1467”, xusto o ano no que se inicia a revolta. Neste documento, a Irmandade vilanovesa da conta ante notario dos abusos e arbitrariedades que nos últimos tempos cometen o Mariscal Sueiro Gómez de Sotomayor e o Arcebispo de Santiago Alonso de Fonseca invadindo os dereitos tradicionais da vila.

Así, ante notario “pareceu Ruy Vicenti, alcalde da Santa Inmandade ena dita villa de Villanova” presentando a dous veciños “como bredaños e antigos que eran do dito porto de Villanova (...) e heran saviadores dos costumes e libertades do dito porto” polo que lembraban que “en rason dos cartos da sardina que don Fernando e Suero Gómez levaban do dito porto de Villanova con algunos jantares que non lle foran dados (...) levaban de costume corenta mrs” pero que “ahora viñanse a comer con trinta e corenta omes o quantos elles querian, a comer os ditos jantares e que non queren os ditos corenta mrs contra o costume posto de cento anos a esta parte”. Aseguraban tamén que frente ao costume de descargar alí “os nabios (...) os arrendadores dos alfolies del Rey que puñan o sal ena ría de Arauza (...) aora os da vila de Padrón o no querian consentir”. Afirmaban asimesmo que “o señorío do dito porto de Villanova e justicia ordinaria del (...) era do moesteiro de San Martiño todo misto mero hemperio” polo que “arçobispos ningunos no tiñan no dito porto nen poderio nen justicia ningun” frente ás pretensións do arcebispo que desde que o fora D. Lopo “se aseñoreara” destes dereitos.

Como se sabe, a irmandade vilanovesa –ao igual que as demais de Galicia– acaba levantándose contra esta situación derro-

cando na terra de Salnés a fortaleza de Lobeira e a de Lantaño (do Mariscal Sueiro Gómez de Sotomayor).

A lectura desta primeira e única proba documental aportada por López Ferreiro sobre o ambiente prebélico existente nas vilas e cidades galegas no ano 1467, tivo que chamar poderosamente a atención do escritor vilanovés; por iso ben puido contribuír á evocación dese arquetipo de antiga vila señorial que Valle-Inclán fai na acotación da escena I da xornada II en *Cara de Plata*: “Viana del Prior: Fue villa de señorío, como lo declaran sus piedras insignes (...) Tiene su crónica en piedras sonoras, candoroso romance de rapiñas feudales y banderas de gremios rebeldes, frente a condes y mitrados”.

DE SUEIRO GÓMEZ DE SOTOMAYOR A  
DON JUAN MANUEL MONTENEGRO:  
O SIMBÓLICO ENTORNO LANTAÑO-  
LANTAÑÓN.

Acabamos de ver como o Mariscal Sueiro Gómez de Sotomayor, señor da Torre de Lantaño, conculcaba arbitrariamente en 1467 os pactos establecidos de vello co Concello de Vilanova de Arousa.

Herdou de seu pai Paio Gómez de Sotomayor o señorío de Lantaño, Rianxo Sobrán e outras terras e dereitos, e ampliou e reformou a envellecida Torre e Castelo de Lantaño.

Lantaño irrumpira como foco de poder señorial na terra do Salnés a mediados do século XIV, cando o ascenso do bando trastamarista sitúa como novos señores comarcáns aos Gómez de Sotomayor. Tomando en foro terras da Mitra Compostelana (máxima propietaria da zona), para logo subforalas aos campesiños –igual que fará máis tarde a fidalguía– e cobrando servicios

e dereitos como os antes reseñados co Concello de Vilanova de Arousa (tamén co de Pontevedra) erguen o seu símbolo de poder, a Torre de Lantaño, non lonxe do vello castelo de Lobeira, recordo das vellas loitas entre Xelmírez e Dona Urraca. Esta situación patrimonial subsidiaria respecto do arcebispo de Santiago foi o seu talón de Aquiles, algo que afectou sobre todo ao último representante da casa, Sueiro Gómez. Comenta García Oro<sup>53</sup> que Sueiro Gómez de Sotomayor –“destacado antifonsecano por su intervención en las principales contiendas de la segunda mitad del siglo XV”– “parece haber heredado el fatalismo de los Sotomayor, pues en su casa abundaron los fracasos y las tragedias”.

En situación feudal respecto á igrexa de Santiago e vendo “que presente estou jazendo doente da quela dolencia e enfermidade que Deus tobo por Ven de me dar, e temendo me da morte natural porque hajo de me passar eno día del grande Juicio”, tentou consolidar as súas posesións en testamento otorgado “eno porto de Vilanova” no mes de Xullo de 1485, no que entregaba “a ditta miña cassa de Lantaño a miña filla Dona Maria” con “o ditto señorío e mayorazgo das dittas mis fortalezas” pero tamén con numerosas dotes para os moitos fillos bastardos e concubinas que tiña, como por exemplo a Elvira Saez a quen lega “todo el axuar de cassa que está en Lantaño” e “os dos boys de jugo que yo traygo en Lantaño e mais otro boy que esta en cassa de Afonso Domínguez con mais os machiños que ende traigo a el arenda”.<sup>54</sup>

Sen embargo, ante este reparto os fillos lexítimos “apenas falleció el Mariscal,

<sup>53</sup> GARCÍA ORO, J.: *Opus cit.*

<sup>54</sup> Testamento de Sueiro Gómez de Sotomayor en Vilanova de Arousa. *Colección diplomática de Galicia Histórica* 1901.

tomaron la revancha contra la antigua amante y competidora en la herencia” maltratándoa, polo que esta acode aos reis manifestando “quella fue criada del Mariscal (...) e que le sirvió años e que ovo del dos hijos e dos hijas”. Circunstancias posteriores fixeron que os descendentes da casa de Sueiro Gómez acabaran por marchar a Castela, revertendo o castelo –como tantas outras fortalezas– nas mans da Mitra Compostelana.

Antes, aínda en vida do Mariscal, a fortaleza de Lantaño fora derrocada polos levantados Irmandiños do Salnés e como declara Afonso Boceta, testemuña do preito Távera-Fonseca “después de pasada la hermandad (...) llebantadas y adreçadas” pois el “oió dezir al dicho Suero Gómez quel pagaba los ofiçiales y hazía las dichas fortalezas a su costa e misión”.<sup>55</sup>

Xa en mans dos arcebispos composteláns, en 1533, Vasco de Aponte no seu *Nobiliario* ao referirse á casa de Lantaño, comenta en cita que “Lantano está en el valle de Paradela, una legua de Lobera; está llano a la falda de un monte, que tenía la torre foso y era muy fuerte; tenía puente levadizo. El Mariscal la reedificó más fuertemente después; es hoy del Arzobispo de Santiago y hacen allí dos días de cada semana audiencia los jueces de Villanueva”. Xa antes, tratando a casa de Lobeira, o mesmo autor comenta que “los jueces que dicho arzobispo nombra en Villanueva de Aroça se llaman Alcaldes de Lobera y Lantano , y así han puesto homenaje de guardarles y siempre se daban a personas muy hidalgas”.

Despois do preito (s. XVI) sustanciado entre Alonso de Fonseca e Juan de Távera,

antigo e novo arcebispos de Santiago de Compostela pola reparación das fortalezas derrubadas polos Irmandiños, o interese arcebispal por esta fortificación debeu ir a menos pois dous séculos máis tarde, o 26 de febreiro de 1764, infórmase ao mitrado de que na “Jurisdicción de Villanueva (sic) tiene Vuestra Ilustrísima una torre mui antigua llamada la fortaleza de Lantañón i esta tiene cantería hermosa y ai años le saquan piedra, i prosiguiendo con todo atrevimiento aún en la semana pasada por dos noches con dos pares de bueies según me informé andubieron sacando piedras de ella, por la puerta principal dela parte de adentro”.

Estes días deberon ser de máxima actividade extractiva pois cinco días máis tarde, outro informante advirte en carta ao arcebispo “cómo las Torres de Lantaño Regalía mui antigua de la dignidad Arzobispal se ban poco a poco arruinando y desmoronando a causa de que le sacan la piedra y aora de próximo St. Rodríguez, vezino de Paradela ha sacado y carretado para su casa cantidad de ella” e prevén “para que no se acabe de destruir memoria de tan antiguo”.

En efecto, dada a falla de uso en que o arcebispado tiña a torre, algúns veciños “se avían posesionado de sus salidos ocupándolos con robles, castaños y viñas, cerrándose estas con la piedra de dicha torre”; os que non se atreveran a tanto, só “habían extraído la piedra de la torre y fortaleza de Lantañón”, tal era o caso de “Joseph Casal que sacó unas escalas que avía y las llebó para el mismo fin para una casa que hizo contigua a la prenotada Torre” ou “los caseros de Don Ángel Mosquera que también llevaron piedra y que aún también el Don Joseph, su hijo llebó partida para una casa que hizo” e “en conclusión, que todos los inmediatos a la Torre hicieron orno y algún palomar con la piedra de la prenotada Torre”.

<sup>55</sup> RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, A.: *Las fortalezas de la Mitra Compostelana y los “Irmándiños”*. Fundación Barrié. A Coruña.1984.

Non debe extrañar que no preito que o arcebispo entabla por este expolio no mesmo ano de 1764 cos veciños de Lantañón e recoñecendo que “no se pueden dar precio a las ruinas de dicha fortaleza”, ao facer o “reconocimiento de dicha Torre” advírtese que “su interior y murallas se halla uno y otro bien deteriorado, y se advierte que en diferentes partes de poco tiempo al presente, se sacó a la mano cantidad de piedra, y otra mucha demuestra estar derribada. Y por lo que respecta a la pared del fosso que hace frente a la parte de Levante, azia el Vendaval sólo se advierten los vestigios sin piedra alguna que parece haberse devertido en los muros que dividen los parrales”.

Un século despois, en 1880, cando o xove Valle-Inclán acompaña ao seu pai nas estancias arqueolóxicas deste en Santa María de Paradela, onde está Lantañón, hospedándose na Rectoral dun crego parente, –segundo conta Caamaño Burnacell–<sup>56</sup> as ruinas da torre xa terían mingado moito.

Con todo están presentes en *Cara de Plata* na escena I da xornada I cando di na acotación: “Alegres albos. Luengas brañas comunales, en los montes de Lantaño. Sobre el roquedo la ruina de un castillo, y en el verde regazo, las Arcas de Bradomín”, como vínculo simbólico entre o século XV e o XIX entre Suero Gómez e Don Juan Manuel.

A peripecia vital de Sueiro Gómez de Soutomaior e do revoltó tempo que lle tocou vivir xa chamara a atención de Ramón del Valle Bermúdez pai de Valle-Inclán, quen relata no seu artigo “El castillo de Lobeira”, (1886), un episodio do en-

frontamento entre o arcebispo Fonseca e o Mariscal Sueiro Gómez de Soutomaior, episodio que reproduciría máis tarde o seu fillo Carlos no conto “La princesa Moura” de *Escenas Gallegas* (1894).<sup>57</sup>

Pero hai outro elemento no Lantañón de *Cara de Plata* que une ambos momentos históricos: a ponte pola que Don Juan Manuel impide feudalmente o paso.

W.J. Smither<sup>58</sup> apunta que “la lógica geográficaliteraria corresponde exactamente a la realidad. Los chalanes quieren llevar el ganado a la feria de Viana del Prior. Pasando por Lantañón, pueden utilizar un puente, de otra forma tendrían que “llevar el ganado por la barca” e conclúe que “uno de los dos puentes sobre el Umia que existían en la juventud de Don Ramón era precisamente el que Madoz llama “de doce ojos” que une Lantañón (orilla izquierda) con Barcia y Fontela (derecha). Ese será el puente en cuestión en *Cara de Plata*”.

Sen embargo, tal vez o enigma da ponte de Lantañón esté solucionado se acudimos a un informe que no ano 1781 se lle remite ao arcebispo de Santiago de Compostela, por parte do administrador diocesano da Xurisdiccion de Vilanova de Arousa baixo o epígrafe *Noticias de las Barcas y Puentes que hay en el distrito del rio Humia, o Puente Arnelas, de la comprensión de la Jurisdicción de Villanueva de Arosa* no que se relata a existencia de tres barcas de pasaxe. Das tres é na segunda onde hai que reparar. Esta “tiene el nombre


<sup>57</sup> O Padre Crespo comenta no seu volume *Blasones y Linajes de Galicia*, ao se referir aos Sotomayor das casas de Sobrán, Señoráns etc onde se inclúen os Gómez de Sotomayor, que conseguira a información “de un arbol en el archivo que perteneció al célebre escritor D. Ramón del Valle-Inclán...”.

<sup>58</sup> WILLIAN J. SMITHER: *El mundo gallego de Valle-Inclán*. Ed. Do Castro. Sada. A Coruña. 1986.

<sup>56</sup> CAAMAÑO BURNACELL, J.: *Por las rutas turísticas de Valle-Inclán*. Madrid. 1971.

de barca de Lantaño o Azeñas de Bayón correspondiente a la dignidad del Marqués de Villagarcía según se le ha aforado y la dignidad la lleva con los propios de la Torre y casal de Lantaño que el Ilustrísimo Fonseca demandó a Suero Gómez de Sotomayor y después el eminentísimo Don Juan de Távera continuó y el ilustrísimo Sarmiento su subcesor ajustó con los señores Enriques compromiando en Peritos después de varios recursos y suplicaciones el que se liquidasen por medio de dichos peritos, y así de la declaración de estos que resultara de la misma ejecutoria que tiene la dignidad repararon en si había dicha Barca de Lantaño que esta hai cerca de quatrocientos años la hizo Payo Gómez de Sotomayor residente en dicha Torre de Lantaño para la comodidad del tránsito de su casa al tiempo que en el mismo sitio disponía un puente de piedra que se quedó en la mitad y aún poco tiempo ay subsistía parte de el, pero ahora está desecho todo. Y la piedra aprovechada en el estanque o Presa de los Molinos de dichas Azeñas, por esta se paga a dicha dignidad y Marqués de Villagarcía lo que tengo dicho y como sabe y no puede adelantar (si dicho Suero Gómez, Payo su padre, o Diego Álvarez su abuelo que fue casado con una sobrina del Ilustrísimo Mendoza en cuio tiempo enfeudó lo que tenía a la dignidad para su consistencia por entonces aún no haber vínculos o Ley de ellos)".

Como se ve, a peaxe polo paso do río Umia por Lantaño xeraba dúbidas legais ao tratarse dun privilexio que remontándose ao século XIV con Diego Álvarez, avó de Sueiro Gómez, fora cambiando sucesivamente de mans. Ese é o preito que gaña



Fortaleza Lobeira.

no século XIX Don Juan Manuel Montenegro na ficción literaria.

Ademais das pontes e das barcas tamén a presenza dos “ganados de Lantaño”, tan exótica a un escenario de teatro cando Valle escribe, ten correspondencia extraliteraria na realidade pecuaria deste enclave. Nunha comarca como o Salnés na que o millo “los maizales”, o viño “parrales” e o cultivo intensivo hortícola son dominantes, o montesío Lantaño era a excepción. De tradición gandeira, nos seus montes comunais, efectivamente conducían “cada mes del año (...) más de dos mil piezas de ganado bacuno que pasa por el camino de carro” para dirixilo “desde la aldea de Lantaño” ás feiras das vilas marítimas da comarca, polo “camino real que viene desde la Villa de Caldas a la de Cambados y otras partes por el qual todos los meses del año pasa mucho ganado”, tal como se di nun preito de 1701 entre un particular e varios veciños de Lantaño que ao pasar cos seus gandos “abrieron y rompieron sus heredades” polo que se querella “Ante la Justicia desta Jurisdicción de Villanueva” (sic) sustanciando un preito que acabaría rematando na Real Audiencia do Reino de Galicia.

Tanto Lantaño como Lantañón –nomes utilizados moitas veces indistintamente na

documentación— son frecuentes na obra de tema galego de Valle-Inclán. En Lantañón aparece situado o “solar de Don Juan Manuel Montenegro” como indica W.J. Smither.

Esto aparte, a ubicación neste escenario do inicio das *Comedias Bárbaras* resulta adecuado tanto á trama dramática que se pretende urdir como ao símbolo histórico que se quere representar. Escenario do ascenso e ocaso dos Gómez de Sotomayor, acaídos representantes da nobreza trastamarista baixomedieval en Galicia, á que os Irmandiños tamén lle derrocan a torre, é o lugar idóneo para situar o pazo de Don Juan Manuel Montenegro como agoiro do tráxico fin que lle espera. As referencias aos Irmandiños por parte dalgúns personaxes non poden ser máis elocuentes. Deste xeito o lazo entre ambos tempos está perfectamente anoado.

## CONCLUSIÓN

Cando as luces do esplendor económico e cultural da Galicia dos séculos áureos (XII e XIII) se van apagando, á fundación de vilas marítimas comerciais —como Viana del Prior na ficción literaria—, á arquitectura e escultura románicas ou aos camiños de comercio, devoción e cultura, sucédelle agora unha decaída e turbulenta Galicia de revoltosas espadas nobiliarias fronte a revoltos gremios de cidadáns e campesiños.

As tensións sociais e conflitos familiares longamente incubados rematan en aberto enfrontamento civil e a final victoria nobiliaria, non é máis que o preludio da súa final desaparición. A tanta tensión responde Isabel a Católica coa sordina da xustiza que todo o soluciona na recién creada Real Audiencia do Reino de Galicia, volvendo as revoltas en preitos, como

única válvula de escape pola que liberar a malcurada situación social e económica.

Convertidos os preitos en síntoma desta crónica enfermidade, Valle-Inclán non ten máis que acudir á foto fixa que a literatura de tipos e costumes fixera dalgúns actores deste drama e poñela en movemento en combinación coas discusións “fin de século” que a vella e a nova concepción da xustiza protagonizaban para construír literariamente o sórdido ambiente que precede ao traxicómico final de *Divinas Palabras*.

Convertidos tamén os preitos en punto de partida da acción das *Comedias Bárbaras*, son o estigma visible dunha sociedade que vive un conflito previo a un grande cambio traumático como o que se aveciñaba ao rematar o século XIX.

Para representalo Valle-Inclán acudiu, como dramática metáfora histórica, ao tamén traumático final do século XV, e en paralelo con este presenta un preito feudal que tamén conduce a unha revolta frustrada, pero que ademais desencadena outros varios conflitos que conduciran ao coñecido tráxico final.

Como no século XV a nobreza, Don Juan Manuel Montenegro imperou de forma efímera ante a revolta popular para sucumbir finalmente ante os seus propios fillos. Entón xa deixara de ser “uno de esos Hidalgos mujeriegos y despóticos, hospitalarios y violentos que se conservan como retratos antiguos en las villas silenciosas y muertas” para convertirse agora nunha “figura resplandeciente de nobleza” con “la altivez de un rey y la palidez de un Cristo”. Por iso cando o fillo segundón “hunde la maza de su puño sobre la frente del viejo vinculero, que cae con el rostro contra la tierra”, exclaman todos: “¡Era nuestro padre! ¡Era nuestro padre!” e lamentan os fillos: “—¡Malditos estamos! ¡Y metidos en un pleito para veinte años!”



CONCELLO DE  
VILANOVA DE AROUSA



*O noso compromiso*


# Unha provincia para o século **XXI**



*estradas  
instalacións*



*deportes  
natureza*



*educación  
servicios*




*tecnoloxía  
cultura*



**DEPUTACION** DA  
CORUÑA

***REPSOL***  
**YPF**



Amigos  
Valle de Arousa

Vilanova de Arousa

# CUADRANTE

*Revista de Estudos Valleinclanianos e Históricos*